

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS  
INCLUÍDOS NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN MATERIA DE  
PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS



Edita

CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA  
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública  
Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables  
Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos

CONSULTORÍA, ESTUDIOS Y GESTIÓN DE PROYECTOS S.L.

Autor

Lorenzo Sánchez Pardo

Coordinación

Bernardo Seoane Díaz  
M<sup>a</sup> Aurora Cid González  
Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos

Depósito Legal: C 2664-2011

# Índice

<b>1 . INTRODUCCIÓN: A RELEVANCIA DA AVALIACIÓN DAS INTERVENCIÓNS PREVENTIVAS EN DROGODEPENDENCIAS</b>	<b>5</b>
<b>2 . A MODO DE RECORDATORIO: SIGNIFICADO E CONTIDOS DA AVALIACIÓN DE PROCESOS E RESULTADOS</b>	<b>9</b>
2.1. ¿Que é a avaliación?	9
2.2. As modalidades de avaliación de programas	9
2.3. ¿Que son os indicadores de proceso e resultados?	11
<b>3 . RELACIÓN DE INSTRUMENTOS DE APLICACIÓN PARA A AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS DA CARTEIRA DE SERVIZOS</b>	<b>12</b>
3.1. Programa de prevención (universal) do consumo de drogas no ámbito educativo (PPCDE)	12
3.2. Cinensino. Programa universal de prevención escolar	19
3.3. Non pasa nada, ¿pasa algo? Programa selectivo de prevención escolar	25
3.4. Odisea. Programa selectivo de prevención en centros de garantía social	31
3.5. Máis que un teito. Programa universal de prevención familiar	35
3.6. En familia todos contan. Programa selectivo de prevención familiar	40
3.7. Entre todos. Programa indicado de prevención familiar	45
3.8. Activa. Programa de prevención universal para a mocidade	49
3.9. Cambio de sentido. Programa de prevención do consumo de alcohol na conducción de vehículos	54
3.10. Creative. Programa selectivo de prevención xuvenil do consumo de alcohol e outras substancias en espazos urbanos públicos	59
3.11. Ao alcance. Programa universal de prevención do consumo de drogas no ámbito laboral	63
3.12. Sísifo. Programa de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social	69
3.13. Penélope. Programa de prevención do consumo de drogas dirixido a mulleres	76
3.14. Acais. Programa de prevención de consumo e hábitos non saudables dirixidos á comunidade xitana	78
<b>4 . ESCALAS E CUESTIONARIOS DE AVALIACIÓN DE USO OBRIGATORIO</b>	<b>81</b>
4.1. Instrumentos para a avaliación do PPCDE	81
4.2. Instrumentos para a avaliación do Programa Cinensino	93
4.3. Instrumentos para a avaliación do Programa Non pasa nada, ¿pasa algo?	104
4.4. Instrumentos para a avaliación do Programa Odisea	117
4.5. Instrumentos para a avaliación do Programa Máis que un teito	126
4.6. Instrumentos para a avaliación do programa En familia todos contan	132
4.7. Instrumentos para a avaliación do Programa Entre todos	140
4.8. Instrumentos para a avaliación do Programa Activa	152
4.9. Instrumentos para a avaliación do Programa Cambio de sentido	163

4.10. Instrumentos para a avaliación do Programa Creative	170
4.11. Instrumentos para a avaliación do Programa Ao alcance	178
4.12. Instrumentos para a avaliación do Programa Sísifo	189
4.13. Instrumentos para a avaliación do Programa Penélope	197
4.14. Instrumentos para a avaliación do Programa Acais	201
<b>5 . ESCALAS E CUESTIONARIOS DE AVALIACIÓN DE USO VOLUNTARIO</b>	<b>211</b>
<b>6 . REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS</b>	<b>222</b>

# Introdución: a relevancia da avaliación das intervencións preventivas en drogodependencias

## ¿Por que avaliar os programas de prevención?

A avaliación foi sinalada como o motor da ciencia (BORDENS, K. S. e ABBOTT, B.B. 1999) e constitúe unha ferramenta esencial para a promoción de intervencións preventivas baseadas en evidencias.

Entre os compoñentes básicos dos programas de prevención baseados en evidencias inclúense (VILLALBÍ, J.R. 2001):

- A súa fundamentación nun modelo teórico coherente e sólido.
- Contar cunhas intervencións protocolizadas, definidas e repetibles, que fagan posible a súa estandarización.
- Dispoñer dunha eficacia coñecida e relevante (evidencia empírica da súa efectividade), dado que demostrar a utilidade das actuacións realizadas é un requisito básico para que se poidan ampliar e estender.

Por tanto, contar cunha avaliación integrada dentro da intervención preventiva é un elemento esencial para calquera programa de calidade. A este respecto, convén recordar que a avaliación é unha fase central da planificación, que contribúe á actualización e mellora permanente das intervencións que se desenvolverán no marco dun programa ou plan determinado. Aínda que tradicionalmente a avaliación se asocia coa verificación dos resultados obtidos cunha determinada intervención, esta cumpre funcións que transcenden o dito ámbito, axudando a establecer a natureza e extensión dos problemas a que deben facer fronte os programas de prevención e á identificación da poboación diana destes (avaliación da planificación), a comprobar se os programas se implementan na práctica tal e como foron deseñados (avaliación de procesos) e se as intervencións están cubrindo os obxectivos previstos e son ou non eficaces (avaliación de resultados)

No ámbito da prevención a avaliación permite comprobar a efectividade dos programas nos grupos destinatarios e o grao de cumprimento dos obxectivos propostos (verificar se as nosas intervencións son ou non eficaces), coa finalidade de que o equipo responsable do programa introduza os cambios oportunos para mellorar a súa efectividade á vista dos datos achegados pola avaliación.

O establecemento de sistemas de avaliación no ámbito da prevención das drogodependencias fai posible a toma de decisións sobre as intervencións que se van desenvolver baseadas en evidencias. Por isto, a avaliación cumpre no campo da prevención importantes obxectivos, entre os que destacan (ALVIRA, F. 2002):

- a. A selección previa da estratexia preventiva máis adecuada para facer fronte ao problema sobre o que se desexa intervir.
- b. A mellora da calidade e o deseño dos programas de prevención.
- c. Facilita a aplicación do programa, permitindo que este chegue á poboación destinataria e facendo que incorpore as actividades necesarias.
- d. Axuda a decidir se a estratexia de prevención inicialmente seleccionada funciona ou non, ou se o fai da maneira máis eficiente posible.

No ámbito específico da avaliación de procesos e de resultados a avaliación debe ser capaz de contestar as seguintes preguntas (NIDA, 2004):

- ¿Como se levou a cabo o programa?
- ¿Realizouse o programa segundo se planeou?
- ¿Canto do programa recibiron os participantes?
- ¿Que se logrou co programa?
- ¿Hai algunha conexión entre a cantidade do programa recibido (a intensidade da intervención) e os resultados?
- ¿Logrou o programa o esperado no curto prazo?
- ¿Produciu o programa os efectos desexados a longo prazo?

En suma, a avaliación permite coñecer os resultados obtidos coa aplicación dos programas para melloralos, ou cesar a súa aplicación. De aí que para deseñar e/ou reorientar os programas preventivos resulte esencial coñecer as evidencias achegadas polas investigacións dirixidas á identificación dos factores asociados ao consumo de drogas e á avaliación da efectividade dos programas preventivos.

Pero ademais das razóns expostas, que xustifican a necesidade da avaliación dos programas de prevención para mellorar a súa eficacia (como elemento reforzador da calidade das intervencións preventivas), existen razóns de tipo estratéxico que aconsellan a práctica sistemática da avaliación no contexto dos programas de prevención, e que se relacionan coa necesidade de mellorar os seus procedementos técnicos e o seu soporte científico. A aínda breve historia da prevención en drogodependencias fai que a súa bagaxe científico-investigadora sexa aínda limitada, motivo polo cal resulta necesario introducir a avaliación como método de traballo, normalizando o seu uso en todas e cada unha das actuacións preventivas implementadas. Isto debe facer posible a inclusión da prevención no ámbito das disciplinas que poden ser medidas e verificadas, ademais de producir un cambio cultural entre o conxunto das institucións e os profesionais que traballan no campo das drogodependencias, que marque o paso da improvisación e a experimentación descontrolada a unha fase máis consciente e concreta. Isto axudará sen dúbida a valorar o nivel de eficacia e de eficiencia dos programas e a incorporar procesos cada vez máis rigorosos desde o punto de vista científico no ámbito da prevención (TINARELLI, A. et al., 2000).

Nesta liña veñen traballando desde hai anos distintas organizacións internacionais, como o NIDA ou o Observatorio Europeo das Drogas e as Toxicomanías. Esta última institución promoveu diversas actuacións para propiciar a aplicación de métodos de avaliación científicos no campo da prevención do consumo de drogas, co fin de mellorar a calidade das intervencións neste ámbito. Entre as actuacións realizadas destacan pola súa relevancia a elaboración dunha "Guía para a avaliación das intervencións preventivas no ámbito das drogodependencias" (KRÖGER, C. et al., 1998), a creación dun banco de datos sobre intervencións preventivas desenvolvidas en Europa, denominado Intercambio sobre accións de redución da demanda de drogas (EDDRA). e do Banco de instrumentos para a avaliación de intervencións preventivas (BIP).

A pesar da indiscutible relevancia que a avaliación ten no contexto dos programas de prevención, existen unha serie de factores que dificultan ou frean a súa realización. Estes factores son de moi diversa índole, destacando entre outros:

- A ausencia de tradición ou dunha cultura "avaliativa" nalgunhas institucións ou profesionais, que non incorporan a avaliación como unha actuación rutineira.
- A ausencia de recursos humanos, técnicos ou financeiros para levar a cabo a avaliación.
- O temor de moitos profesionais ao uso que se lles poida dar aos resultados da avaliación por parte das institucións. Unha lectura inadecuada dos resultados da efectividade dun programa pode comprometer a continuidade da acción preventiva, en lugar de contribuír ao seu perfeccionamento ou reorientación.

- As dificultades técnicas que supón o deseño das avaliacións destinadas a illar o impacto dos programas en determinadas dimensións ou áreas (competencias persoais e sociais, etc.) que requiren de instrumentos sofisticados e a neutralización de variables externas, procesos que escapan ao control de numerosos profesionais.
- A falta de formación ou cualificación suficiente dalgúns profesionais para participar no deseño e/ou execución dos procedementos de avaliación que sería preciso acometer para coñecer a efectividade e o impacto dos programas preventivos. Con frecuencia a avaliación preventiva exige coñecementos de tipo psicométricos, para a selección e interpretación dos instrumentos que se utilizarán na recollida de información, e estatísticos, para a codificación e análise destes.

De todas as razóns expostas é a inseguridade con que algúns profesionais abordan a avaliación do seu traballo a que sen dúbida máis limitacións supón no necesario proceso de acumulación de evidencias arredor dos programas de prevención. Por isto, o obxectivo básico deste documento non é outro que o de facilitar ao máximo a avaliación do conxunto de programas que se inclúen na carteira de servizos en materia de prevención, cuxo impulso e coordinación vén sendo asumido polo Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos.

Para isto seleccionáronse unha serie de instrumentos de referencia cos cales cubrir o proceso de recollida da información necesaria para completar a avaliación do proceso e os resultados, adaptados á metodoloxía, obxectivos e contidos de cada programa. Un labor que se complementa coa incorporación dunha serie de instrucións que permitan comprender e interpretar os seus resultados.

Cómpre recordar que a efectividade dos programas de prevención vén determinada, ademais de por factores relacionados co deseño e cos seus contidos (elección dun modelo teórico adecuado que achegue evidencias suficientes que avalen a capacidade das estratexias e contidos seleccionados para reducir a vulnerabilidade da poboación fronte ás drogas, intensidade das intervencións, etc.), pola propia capacidade dos programas para medir o impacto que provocan sobre a poboación diana. A elección duns indicadores de avaliación e duns instrumentos para a recollida de información adecuados resulta esencial á hora de axuizar os resultados obtidos por un determinado programa.

A selección duns instrumentos adecuados para medir os cambios inducidos pola intervención é por tanto un elemento crítico no deseño da avaliación de resultados. Os instrumentos que se vaian utilizar deben ser sensibles (capaces de detectar todas as variacións atribuíbles ao programa), fiables, válidos e contar cuns contidos adaptados ao programa obxecto de avaliación, dando información sobre as distintas dimensións nas cales pretende incidir a través da intervención.

En consecuencia, a selección dos instrumentos de avaliación que se incorporan a cada un dos programas que inclúe a Carteira de servizos estivo determinada por dous criterios: a sinxeleza e a validez dos instrumentos, procurando o uso de ferramentas estandarizadas, e a completitude dos ámbitos de análise.

Sempre que existen dispoñibles instrumentos de avaliación (escalas, cuestionarios, etc.) cos cales están xa familiarizados os técnicos de prevención, ou que son de uso xeral entre os profesionais do sector, optouse pola súa inclusión, con frecuencia declinando o uso de instrumentos máis complexos, específicos ou con maior potencia descritiva. Esta decisión adoptouse partindo da base de que a avaliación é unha tarefa engadida para uns profesionais cunha importante carga de traballo, o que obriga a un exercicio de pragmatismo institucional, que asegure a recompilación do maior volume de información estandarizada, para permitir a súa comparación e explotación xeral. Por esta razón, e atendendo ao feito de que a primeira condición que debe reunir a avaliación é que sexa factible ou viable, en ocasións renunciouse a deseños avaliativos máis ambiciosos, que sen dúbida poderán ser acometidos a medio prazo, cando o uso dos actuais instrumentos se xeneralice. O recurso a instrumentos de uso común entre outras institucións e profesionais ten como vantaxe engadida que, na súa maioría, foron previamente validados entre as poboacións destinatarias das intervencións preventivas.

Co segundo dos criterios de selección procurouse realizar un esforzo de coherencia interna para avaliar todas aquelas dimensións sobre as cales incide cada programa. Ante a disxuntiva de centrar a avaliación de resultados nas variables directas que persegue modificar un programa determinado (por exemplo, o nivel de experimentación cunha substancia concreta), ou ampliar a avaliación ás variables mediadoras, optouse por incorporar instrumentos que permitan medir os cambios en todas as dimensións/variables sobre as cales inciden os programas. Isto sabendo que non sempre resulta sinxelo illar ou medir o impacto que as actuacións preventivas teñen en certas variables mediadoras (habilidades de resistencia, autoestima, etc.).

Esta proposta de instrumentos pretende satisfacer as necesidades que, no terreo da avaliación dos programas de prevención, presentan de forma cotiá os técnicos de prevención e dos servizos centrais da Consellería de Sanidade encargados da súa promoción, seguimento e coordinación. A orientación eminentemente práctica dos instrumentos que se relacionan a continuación resulta compatible coa realización de investigacións de carácter cuasi-experimental, orientadas especificamente a verificar o impacto das estratexias preventivas que se veñen ensaiando en ámbitos claves como o escolar ou o familiar.

O deseño e execución destas investigacións de tipo avaliativo correspondería aos servizos centrais da Consellería de Sanidade e debería incluír, de forma periódica, a avaliación exhaustiva de polo menos os principais programas incluídos na Carteira de servizos de prevención. De forma simplemente orientativa propónse o seguinte calendario:

<b>Programas</b>	<b>Proposta de calendario das investigacións para a avaliación da súa efectividade e impacto</b>
Programa de prevención do consumo de drogas no ámbito educativo Cinensino.	Frecuencia da investigación: cuadrienal Ano de realización 1. <sup>a</sup> investigación: 2010
Programa universal de prevención escolar Non pasa nada, ¿pasa algo?.	Frecuencia da investigación: cuadrienal Ano de realización 1. <sup>a</sup> investigación: 2010
Programa selectivo de prevención escolar Máis que un teito.	Frecuencia da investigación: cuadrienal Ano de realización 1. <sup>a</sup> investigación: 2011
Programa universal de prevención familiar Entre todos.	Frecuencia da investigación: cuadrienal Ano de realización 1. <sup>a</sup> investigación: 2011
Programa indicado de prevención familiar	Frecuencia da investigación: cuadrienal Ano de realización 1. <sup>a</sup> investigación: 2011



# 2

## A modo de recordatorio: significado e contidos da avaliación de procesos e resultados

### 2.1. ¿Que é a avaliación?

Existen múltiples definicións da avaliación de programas, cada unha das cales salienta en maior ou menor medida a finalidade que persegue, os seus contidos e a sistemática da súa execución:

*“A avaliación dunha intervención, un proxecto ou un programa supón a recollida, análise e interpretación sistemática da información relativa ao seu funcionamento e aos seus posibles efectos. Os datos recollidos adoitan utilizarse para decidir como mellorar a intervención e se se debe ampliar ou abandonar”* (KRÖGER, C. et al., 1998).

*“A avaliación é no esencial un xuízo de valor respecto de diversos aspectos que afectan o desenvolvemento dunha actividade ou dun programa, que nos debe servir para introducir modificacións que axuden a perfeccionar programacións futuras. A avaliación, por tanto, debe ser considerada como unha ferramenta destinada ao control da realidade xerada coa intervención, estando estreitamente vinculada á planificación, posto que lle serve de base (avaliación de necesidades) e de instrumento de permanente actualización ou progreso”* (SÁNCHEZ, L. 1994).

*“Un procedemento racional e empírico de análise e axuizamento destes, xa sexa do seu proceso de aplicación, dos seus recursos, ou dos seus resultados. Este procedemento queda definido pola lóxica de planificación/execución en que se inscribe a análise de programas concretos que se aplican e pola súa intencionalidade práctica para a toma de decisións. Para isto, a avaliación de programas utiliza o conxunto de métodos científicos que garanten o rigor de procedementos de recollida de datos e a súa posterior análise...”* (SILVA, A. 1994).

*“Procedemento ou conxunto de procedementos que permiten estimar o valor dun programa, intervención, acción ou política. Proceso que intenta determinar de forma sistemática e obxectiva a relevancia, eficacia, efectividade ou impacto de determinadas actividades á luz dos seus obxectivos”* (ALONSO, C. et al. 2004).

### 2.2. As modalidades de avaliación de programas

Existen diferentes tipoloxías de avaliación, en función do criterio utilizado para a súa clasificación (procedencia dos avaliadores, destinatarios da avaliación, momento de realización, contidos, etc.). Segundo o seu contido é posible distinguir os seguintes tipos de avaliación (ALVIRA, F, 1991 e SÁNCHEZ, L. 1994):

- **Avaliación de necesidades.** Integra o conxunto de actividades dirixidas a coñecer a natureza e extensión dos problemas nunha comunidade ou colectivo determinados e a establecer as prioridades existentes, coa intención de responder de maneira adecuada a eles. Os seus achados poden ser utilizados para implantar programas, establecer políticas ou tomar decisións de tipo orzamentario. É esencial na planificación da acción preventiva, ao facilitar o proceso de toma de decisións respecto aos recursos que se deben mobilizar para superar os problemas e necesidades existentes.
- **Avaliación do deseño e/ou a conceptualización do programa.** Pretende sinalar, mediante unha análise lóxica, a existencia de problemas conceptuais no programa en relación co problema que se quere solucionar.

- **Avaliación da implementación ou proceso.** Consiste en analizar se as actuacións deseñadas funcionaron na práctica tal como foron previstas ou se, polo contrario, se produciron diverxencias entre o deseño e o realizado. O seu obxectivo é coñecer a instrumentalización do programa.
- **Avaliación da cobertura.** Analiza se o programa está incidindo ou chegando á poboación obxecto de intervención (poboación diana), ou se polo contrario se producen nesgos na cobertura.
- **Avaliación de resultados.** Supón dar a resposta a unha dobre pregunta: ¿estanse conseguindo os resultados previstos?, ¿os resultados obtidos poden ser atribuídos cun grao de certeza razoable á realización das actividades previstas no programa? a avaliación de resultados oríentase a verificar a existencia dunha relación inequívoca entre as actuacións que integran os programas e os resultados obtidos.
- **Avaliación do impacto.** Establece os efectos producidos pola intervención, e non soamente os cambios obtidos en relación cos obxectivos propostos como fai a avaliación de resultados, da cal difire tanto nos seus contidos como, con frecuencia, na poboación a cal se lle aplica. Se a avaliación de resultados mide as modificacións inmediatas que un programa introduce na súa poboación destinataria, a avaliación do impacto analiza os efectos acumulados do programa noutras poboacións no medio e longo prazo.
- **Avaliación económica (relación custo–beneficios).** Analiza a rendibilidade do conxunto de actividades que integran un programa. Para que sexa viable é preciso cuantificar todos os custos que ocasiona a execución do programa, para poder confrontalos cos beneficios obtidos.

Coa finalidade de simplificar e harmonizar os procesos de avaliación dos programas de prevención, o Observatorio Europeo das Drogas e as Toxicomanías propuxo a seguinte tipoloxía de avaliación, en función do momento da súa realización:

- Avaliación da planificación do programa (previa á aplicación do programa).
- Avaliación do proceso (durante a aplicación do programa).
- Avaliación dos resultados (tras a execución do programa).

Na avaliación **da planificación** establécese o problema que hai que atender mediante o programa que se vai desenvolver, valorando a súa magnitude, e proxéctase e deseñase a intervención preventiva. Este tipo de avaliación, que incorpora os contidos da avaliación de necesidades e do deseño, anteriormente descritos, inclúe:

- A definición do problema/fenómeno que se quere abordar.
- A necesidade de intervención preventiva.
- O grupo obxectivo ou poboación diana.
- Os obxectivos perseguidos coa intervención.
- As estratexias e métodos que se van utilizar (como se levará a cabo a intervención).
- Os recursos dispoñibles que se utilizarán na intervención.
- A planificación do modo en que se levarán a cabo as avaliacións de procesos e resultados, anticipando os procedementos e indicadores que se van utilizar.

A avaliación **do proceso** describe como se desenvolveu o programa e se se seguiu o plan de implementación previsto. Determina o grao de fidelidade dos procedementos seguidos na execución do programa con respecto ao planificado, permitindo obter unha idea clara do que sucedeu realmente durante a intervención. A avaliación do proceso inclúe:

- Verificar se todas as intervencións preventivas programadas tiveron ou non lugar.
- Describir como se levaron a cabo as intervencións e se o seu deseño funcionou ou non (detallar que se fixo, con que frecuencia e intensidade e por que se adoptaron determinadas decisións ou cambios durante a implementación do programa).

- Comprobar a quen alcanzou a intervención (as características dos participantes e o seu nivel de participación) e se esta chegou ao grupo obxectivo previsto.
- Valorar a calidade da intervención de acordo coas reaccións e actitudes do grupo obxectivo (satisfacción dos participantes e dos profesionais encargados da súa execución, etc.).
- Analizar os resultados achegados pola avaliación do proceso, comparándoos coa planificación teórica e observando os puntos de converxencia e diverxencia existentes para introducir melloras en futuras intervencións.

A avaliación **de resultados** ten por obxectivo valorar os efectos dunha intervención, establecendo se tras a aplicación do programa se alcanzaron os obxectivos esperados, fixados ao inicio do proceso de planificación.

Tendo previsto na fase de avaliación da planificación como medir os resultados do programa, aplícanse as estratexias planificadas, e valorárase se se conseguiron os obxectivos perseguidos e mediante que fontes se obtivo esta información. A avaliación dos resultados permite establecer as conclusións respecto da intervención e as posibles melloras futuras.

A avaliación de resultados inclúe:

- A descrición do procedemento previsto para medir o grao de cumprimento dos resultados do programa.
- A descrición de como se realizou na práctica a avaliación.
- A identificación das fontes e os procedementos a través dos cales se obtivo a información sobre os resultados.
- A descrición dos efectos da intervención sobre o grupo obxectivo (tanto nas condutas relacionadas co consumo de drogas como sobre determinadas variables mediadoras).
- Os diferentes efectos que a intervención poida ter entre os integrantes do grupo obxectivo, en función de variables como a idade, o sexo, etc.
- A redacción dun informe de resultados onde se detallen as principais conclusións achegadas pola avaliación, poñéndoo en relación cos resultados doutras avaliacións.

### 2.3. ¿Que son os indicadores de proceso e resultados?

Os indicadores de proceso e de resultados poden ser definidos do seguinte modo:

Un **indicador de proceso** é toda medida simple (unidimensional) que pode ser utilizada de forma directa para representar e medir se o programa se realizou de acordo co plan de implementación previsto, ou se se modificou.

Aplícase a toda variable susceptible de ser medida directamente (números absolutos, porcentaxes ou taxas), que reflicte a realización das actividades de acordo co formato previsto.

Un **indicador de resultados** é toda medida simple que pode ser utilizada de forma directa para medir o cambio experimentado nun fenómeno, inicialmente descrito, tras a aplicación dun programa.

Aplícase a toda variable susceptible de ser medida directamente, que reflicte o cambio entre a situación que inicialmente define a poboación destinataria dun programa e a situación que a define tras a súa aplicación. Estes indicadores pódense centrar en comparar os cambios observables no grao, a intensidade ou a frecuencia de uso dunha droga ou noutras variables relevantes para a prevención como, por exemplo, as modificacións observables nos factores de risco ou protección identificados ao inicio do programa.

# 3

## Relación de instrumentos de aplicación para a avaliación dos programas da carteira de servizos en materia de prevención de drogodependencias

### 3.1. Programa de prevención (universal) do consumo de drogas no ámbito educativo (PPCDE)

#### AVALIACIÓN DO PROCESO

##### 3.1.1. Metodoloxía para a implementación do programa

Os equipos de prevención son os encargados de presentar o programa e os seus materiais aos centros educativos que están dentro do seu ámbito xeográfico. Unha vez realizada a presentación cada centro decide voluntariamente se se adhire ao programa.

En caso de que un centro decida implementar o programa procédese a constituír unha estrutura de comunicación e coordinación entre o centro educativo e a estrutura técnica do programa para conseguir que os contidos e materiais do PPCDE se integren no proxecto educativo do centro, de modo que queden incorporados na programación curricular.

O profesorado do centro educativo é o encargado de aplicar o programa na aula. Aos profesores interesados en implementar o programa ofértaselles a opción de se incorporaren a un curso de formación para dotalos dos coñecementos e ferramentas necesarios para asegurar a correcta implementación do programa e a utilización dos materiais de apoio a este. Así mesmo, o profesorado e os centros educativos contan coa colaboración dos técnicos de prevención, co fin de provelos do material do programa, apoiar a súa aplicación e realizar o seu seguimento. A comunicación entre o profesor e o técnico de prevención é fundamental para conseguir a adecuada implantación do programa.

A duración do programa é variable, sendo cada centro escolar ou profesor quen decide sobre a utilización do programa e a súa duración, en función das súas necesidades concretas. Non obstante, considérase necesario dedicarlle un mínimo de entre 10 e 20 horas cada curso, para que o programa sexa minimamente eficaz.

O PPCDE non propón un procedemento estandarizado e estruturado de aplicación das sesións que o integran.

Para asegurar unha boa implantación do programa, deben terse en conta os seguintes elementos de apoio:

Actividades de apoio á implementación do programa

- Formación do profesorado.
- Implantación progresiva do material no programa educativo do centro.
- Información, sensibilización e formación de ANPA.
- Seminarios permanentes de formación.
- Coordinación permanente entre docentes e técnicos de prevención.

##### 3.1.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

###### Indicadores de cobertura

- Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación infantil: cociente entre o número

de centros de infantil que implementaron o programa nun ámbito xeográfico determinado (municipio, provincia, comunidade autónoma) sobre o total de centros de educación infantil.

- Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación primaria.
- Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación secundaria obrigatoria.
- Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación postobrigatoria.
- Taxa global de cobertura do programa sobre os centros que imparten educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e educación postobrigatoria.
- Número de aulas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria onde se implementou o programa sobre o total de aulas existentes nos respectivos niveis educativos.
- Número de profesores de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria que desenvolven o programa na súa aula sobre o total de docentes existentes nos respectivos niveis educativos.
- Número de alumnos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria beneficiarios directos do programa sobre o total de alumnos existentes nos respectivos niveis educativos.
- Nais e pais de alumnos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria participantes no Programa sobre nais e pais de alumnos existentes nos respectivos niveis educativos.

Indicadores de actividades realizadas

**a)** Actividades de promoción, coordinación e seguimento do programa

- Número de centros escolares aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa.
- Número de centros escolares (novos) que aceptan a implementación do programa.
- Número de reunións mantidas polos técnicos de prevención coas direccións dos centros educativos, membros do consello escolar, anpas e profesores para a implementación e seguimento do programa.

**b)** Actividades de formación

- Número de cursos sobre prevención en drogodependencias para docentes realizados polo CEFORE ou homologados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Número de profesores participantes segundo o nivel educativo.
- Número de seminarios permanentes de formación para docentes realizados.
- Número e procedencia dos participantes nos seminarios de formación permanente.
- Número de actividades de información, sensibilización e formación realizadas para integrantes das anpas.
- Número de membros de anpas participantes en actividades de información, sensibilización e formación e características sociodemográficas destes.

**c)** Difusión de materiais

- Número de guías para o centro, guías para o profesor e cadernos de traballo para os alumnos (de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación postobrigatoria) distribuídas.

**d)** Axuste/fidelidade das actividades aos contidos previstos no programa

- Número de sesións/módulos desenvolvidos na aula polos profesores e duración destas.
- Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións.
- Implicación dos participantes.

- Número e tipo de incidencias non previstas.
- e) Calidade das intervencións
  - Valoración das actividades por parte dos profesores.
  - Valoración do programa polos alumnos.
  - Valoración do programa polas nais e pais de alumnos.

### 3.1.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación infantil	Anual	Servizo DD e TA
Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación primaria	Anual	Servizo DD e TA
Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación secundaria obrigatoria	Anual	Servizo DD e TA
Taxa de cobertura do programa entre os centros de educación postobrigatoria	Anual	Servizo DD e TA
Total global de cobertura do programa sobre os centros que imparten educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria ou postobrigatoria	Anual	Servizo DD e TA
Número de aulas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria onde se implementou o programa sobre o total de aulas dos respectivos niveis educativos	Anual	Servizo DD e TA
Número de profesores de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria que desenvolven o programa na súa aula sobre o total de docentes existentes nos respectivos niveis educativos	Anual	Servizo DD e TA
Número de alumnos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria beneficiarios directos do programa sobre o total de alumnos existentes nos respectivos niveis educativos	Anual	Servizo DD e TA
Número de nais/pais de alumnos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria participantes no Programa sobre nais e pais de alumnos existentes nos respectivos niveis educativos	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMENTO</b>		
Centros escolares aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa	Anual	Técnico prevención
Número de centros escolares (novos) que aceptan a implementación do programa	Anual	Técnico prevención
Número de reunións con directores/as, membros do consello escolar, anpas e profesores para a implementación e seguimento do programa	Despois de cada reunión	Técnico prevención

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN</b>		
Número de cursos para docentes realizados	Anual	Consellería de Educación e O.U.
Número de profesores participantes segundo o nivel educativo e a área de procedencia	Anual	Consellería de Educación e O.U.
Número de seminarios permanentes de formación para docentes realizados	Anual	Consellería de Educación e O.U.
Número e procedencia dos participantes nos seminarios de formación permanente	Anual	Consellería de Educación e O.U.
Número e actividades de información, sensibilización e formación realizadas para membros de anpas	Anual	Técnico prevención
Número de membros de anpas participantes en actividades de información, sensibilización e formación	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE MATERIAIS</b>		
Número de guías para o centro, guías para o profesor e cadernos de traballo para os alumnos (de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación postobrigatoria) distribuídas	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE AXUSTE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS AO PLANIFICADO</b>		
Número de sesións/módulos desenvolvidos na aula polos profesores e duración	Despois de cada sesión	Profesores
Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións	Anual	Profesores
Implicación dos participantes	Anual	Profesores/ técnicos prevención
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DA CALIDADE DAS INTERVENCIÓNS</b>		
Valoración das actividades por parte dos profesores	Cando conclúa a actividade	Profesores
Valoración do programa polos alumnos	Cando conclúa a actividade	Alumnos
Valoración do programa polas nais e pais de alumnos	Cando conclúa a actividade	Nais e pais

### 3.1.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

#### a) Para a avaliación da cobertura

- Estatística das ensinanzas non universitarias: achega datos sobre o número de centros e aulas existentes en cada nivel educativo, ademais dos alumnos matriculados. Esta información, desagregada por municipios, está dispoñible no portal educativo da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>). Estes mesmos datos, agregados para Galicia, están accesibles na web do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (<http://www.educacion.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas>).

- Datos estatísticos do Padrón municipal de habitantes sobre fogares con poboación potencialmente beneficiaria dos programas.
- Listaxe de centros, aulas, profesores e alumnos onde se desenvolve o programa en cada curso académico (con referencia á súa antigüidade).
- b) Para a avaliación do proceso e a valoración do programa
  - Folla de rexistro sistemático de actividades realizadas (anexo 4.1).
  - Escala de valoración do proceso para profesores (anexo 4.2).
  - Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.3).
  - Escala de satisfacción co programa para alumnos (anexo 4.4.).
  - Escala de satisfacción co programa para nais/pais (anexo 4.5).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.1.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos asignados ao programa son:

- Modificar as crenzas e actitudes dos escolares sobre as drogas (incrementando o risco percibido, reducindo as actitudes favorables ao consumo e a permisividade ante este e modificando os mitos existentes acerca das distintas drogas).
- Reducir as intencións futuras de consumo.
- Modificar os hábitos de consumo, reducindo a prevalencia, frecuencia e cantidades consumidas das diferentes drogas.

Os compoñentes que incorpora o programa son:

- Información sobre o alcohol, o tabaco e outras drogas.
- Desenvolvemento da autoestima.
- Habilidades sociais e de resistencia.
- Fomento de valores saudables.
- Toma de decisións.
- Control emocional.
- Fomento de actividades de lecer saudables.

### 3.1.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Nivel de risco atribuído polos alumnos ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Consecuencias esperadas ou expectativas sobre os efectos das drogas.
- Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas dos participantes no programa.
- Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo.
- Intencións futuras de consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Hábitos de consumo de drogas: niveis de experimentación coas diferentes substancias, frecuencia de uso nos últimos 30 días e cantidades consumidas no dito período.
- Niveis de autoestima dos participantes no programa.



- Niveis de control emocional dos participantes no programa.
- Niveis de habilidades para a vida dos participantes no programa.
- Niveis de resistencia á presión grupal.
- Niveis de adherencia a valores saudables dos participantes no programa.
- Nivel de habilidades para a toma de decisións dos participantes no programa.
- Hábitos de ocupación de lecer dos participantes no programa.

### 3.1.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de risco atribuído ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Expectativas sobre os efectos das drogas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Intencións futuras de consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Hábitos de consumo de drogas: niveis de experimentación, frecuencia de uso nos últimos 30 días e cantidades consumidas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de autoestima dos participantes no programa	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de control emocional	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de habilidades para a vida	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de habilidades de resistencia á presión grupal	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de adherencia a valores saudables	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de habilidades para a toma de decisións	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Hábitos de ocupación de lecer	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención

De forma complementaria á avaliación de resultados que realicen os diferentes profesionais participantes no desenvolvemento e/ou seguimento do programa nos seus respectivos ámbitos xeográficos, con carácter cuadrienal o Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos promoverá a realización dun estudo de avaliación de resultados do programa. Este estudo incluírá un deseño cuasi-experimental, con medicións pretest e postest e grupo de control non equivalente.

### 3.1.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

O programa debe incluír unha avaliación sistemática e estandarizada, con medicións previas e posteriores á intervención sobre as variables que pretende modificar o programa (actitudes, crenzas e hábitos de consumo), así como sobre certas competencias de tipo persoal e social entre os participantes no programa (autoestima, control e intelixencia emocional, habilidades para a vida e de resistencia, toma de decisións) e os hábitos de lecer.

Para isto aplicaranse, con carácter obrigatorio, os seguintes instrumentos:

- Escala de familiaridade e coñecemento sobre drogas (anexo 4.6).
- Escala de actitudes ante o consumo de drogas (anexo 4.7).
- Escala de percepción de riscos asociados ao consumo (anexo 4.8).
- Escala de intención de consumo (anexo 4.9).
- Escala de consumo de drogas (anexo 4.10).
- Escala de avaliación de resultados para profesores (anexo 4.11).
- Escala de avaliación de resultados para técnicos de prevención (anexo 4.12).

Aqueles técnicos de prevención que desexen afondar na avaliación de resultados, e como posibles ampliacións desta, poderán utilizar con carácter voluntario as seguintes escalas e cuestionarios incluídos no capítulo 5 (escalas e cuestionarios de uso voluntario):

- Escala de crenzas sobre as consecuencias esperadas sobre os efectos das drogas (anexo 5.1).
- Escala de autoestima (anexo 5.2).
- Escala de habilidades para tomar decisións (anexo 5.3).
- Escala de intelixencia emocional e de control emocional (anexo 5.4).
- Escala de asertividade (anexo 5.5).
- Escala de resistencia á presión social para consumir drogas (anexo 5.6).
- Cuestionario de hábitos de lecer e tempo libre (anexo 5.7).
- Escala de empatía (anexo 5.8).
- Escala de actitudes cara ás drogas legais (anexo 5.9).
- Escala de actitudes cara á saúde (anexo 5.10).

## 3.2. Cinensino. Programa universal de prevención escolar

### AVALIACIÓN DO PROCESO

#### 3.2.1. Metodoloxía para a implementación do programa

O programa ten como eixe central a visualización de producións cinematográficas comerciais, como mecanismo dinamizador e interactivo para o descubrimento e a reflexión de valores e actitudes saudables. En cada curso escolar desenvólvense tres unidades didácticas, que se corresponden con cada unha das películas proxectadas, seleccionadas polo Departamento de Historia do Cine da Universidade de Santiago de Compostela,

É facultade dos centros educativos decidir os cursos e/ou grupos de 1.º e 2.º de ESO que van participar no programa, e permanecerán implicados nel durante todo o curso escolar. Se un centro ten varios grupos debe decidir os que van participar, non poderán rotar con outros grupos, co fin de asegurar que sexan sempre os mesmos alumnos os que reciban a totalidade do programa dese curso, sempre dentro da cota de alumnos asignados.

O alumnado seleccionado é levado a unha sala cinematográfica para visionar a película, acompañado do docente encargado da aplicación das unidades didácticas na aula, e entregaráselle o caderno de traballo. Tras o visionado da película entrégaselle a cada centro a unidade didáctica correspondente a esa película, que deberá ser traballada posteriormente na titoría baixo a dirección do profesor encargado de desenvolver as unidades didácticas cos seus alumnos cunha metodoloxía que inclúe técnicas grupais e individuais. Aínda que a proxección da película adoita ser colectiva asistindo máis dun centro, a unidade de traballo sempre a constitúe a aula.

Os profesores de 1.º e 2.º de ESO encargados da implementación do programa reciben previamente un curso de formación. Este curso inclúe contidos teóricos (3 módulos cunha duración global de 20 horas) e prácticos (12 horas) que pretende facilitar aos docentes unha serie de coñecementos básicos sobre drogodependencias.

Pola súa parte, os técnicos de prevención supervisan e realizan seguimento da aplicación do programa, apoiando os profesores e titores.

#### 3.2.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

Indicadores de cobertura

- Número de centros escolares adscritos ao programa sobre o total de centros que imparten 1.º e 2.º de ESO.
- Número de aulas onde se implementa o programa sobre o total de aulas de 1.º e 2.º de ESO.
- Número de alumnos que participan no programa sobre o total de alumnos matriculados en 1.º e 2.º de ESO.

Indicadores de actividades realizadas

a) Actividades de promoción, coordinación e seguimento do programa

- Número de centros escolares aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa.
- Número de centros escolares (novos) que aceptan a implementación do programa.
- Número de reunións mantidas polos técnicos de prevención coas direccións dos centros educativos, membros do consello escolar, anpas e profesores para a implementación e seguimento do programa.

- b) Actividades de formación
  - Número de cursos realizados para docentes.
  - Docentes inscritos nos cursos.
  - Docentes que completan a formación.
- c) Difusión de materiais
  - Número de exemplares do "Manual do profesor" distribuídos.
  - Número de exemplares do "Caderno para o alumno" distribuídos.
- d) Axuste/fidelidade das actividades aos contidos previstos no programa
  - Número de alumnos asistentes a cada proxección cinematográfica.
  - Número de unidades didácticas traballadas na aula polos profesores e dedicación a estas.
  - Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións.
  - Implicación dos participantes.
  - Número e tipo de incidencias non previstas.
- e) Calidade das intervencións
  - Valoración das actividades por parte dos profesores.
  - Valoración do programa polos alumnos.

### 3.2.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Número de centros escolares adscritos ao programa sobre o total de centros que imparten 1.º e 2.º de ESO	Anual	Servizo DD e TA
Número de aulas onde se implementa o programa sobre o total de aulas de 1.º e 2.º de ESO	Anual	Servizo DD e TA
Número de alumnos que participan no programa sobre o total de alumnos matriculados en 1.º e 2.º de ESO	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO</b>		
Centros escolares aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa	Anual	Técnico prevención
Número de centros escolares (novos) que aceptan a implementación do programa	Anual	Técnico prevención
Número de reunións mantidas polos técnicos de prevención coas direccións dos centros educativos, membros do consello escolar, anpas e profesores para a implementación e seguimento do programa	Despois de cada reunión	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN</b>		
Número de cursos realizados para docentes	Anual	Técnico prevención
Docentes inscritos nos cursos	Anual	Técnico prevención
Docentes que completan a formación	Anual	Técnico prevención

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE MATERIAIS</b>		
Número de exemplares do "Manual do profesor" distribuídos	Anual	Servizo DD e TA
Número de exemplares do "Caderno para o alumno" distribuídos	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE AXUSTE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS AO PLANIFICADO</b>		
Número de alumnos asistentes a cada proxección cinematográfica	Despois de cada película	Profesores
Número de unidades didácticas traballadas na aula e dedicación a estas	Tras concluír a intervención	Profesores
Grao de axuste na execución do programa ás previsións deste	Tras concluír a intervención	Profesores e técnico prevención
Implicación dos participantes	Tras concluír a intervención	Profesores e técnico prevención
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Profesores e técnico prevención
<b>INDICADORES DA CALIDADE DAS INTERVENCIÓNS</b>		
Valoración das actividades por parte dos profesores	Tras concluír a intervención	Profesores e técnico prevención
Valoración do programa polos alumnos	Tras concluír a intervención	Profesores e técnico prevención

### 3.2.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

- a) Para a avaliación da cobertura
- Estatística das ensinanzas non universitarias (centros e aulas que imparten 1.º e 2.º de ESO e alumnos matriculados).
  - Listaxe de centros e aulas onde se desenvolve o programa e número de profesores e alumnos participantes.
- b) Para a avaliación do proceso e a valoración do programa
- Folla de rexistro sistemático de actividades realizadas (anexo 4.13).
  - Escala de valoración do proceso para profesores (anexo 4.14).
  - Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.15).
  - Escala de satisfacción co programa para alumnos (anexo 4.16).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.2.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos xerais asignados ao programa son:

- Mellorar a calidade da información dos alumnos sobre as drogas, os seus efectos e os riscos que derivan do seu uso.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores da saúde e a ocupación enriquecedora do tempo de lecer.
- Contrarrestar a influencia dalgúns factores que favorecen a aparición de problemas de consumo, tales como a falta de información, a subxectividade desta ou as crenzas de autoprotección e resistencia ao dano.
- Fortalecer recursos persoais que permitan manexarse adecuadamente aos alumnos en situacións de grupo relacionadas co consumo de drogas.

Os obxectivos operativos asignados ao programa son:

- Potenciar o coñecemento da interacción drogas-organismo, as consecuencias do seu uso e os riscos asociados.
- Favorecer o sentido crítico fronte á propaganda que potencia o consumo de substancias legais baixo argumentos de anticonvencionalismos e a busca de sensacións.
- Potenciar a autoestima, e a capacidade de decisión, a autonomía persoal e reforzar a asertividade como medios de resistencia á presión de grupo.
- Mostrar alternativas de lecer e deportivas facilitadoras de experiencias novas e excitantes para os/as adolescentes.

Os compoñentes que incorpora o programa son:

- Información sobre o alcohol, tabaco e outras drogas.
- Desenvolvemento da autoestima.
- Habilidades sociais e de resistencia.
- Toma de decisións.
- Fomento de valores saudables.
- Promoción de actividades de lecer saudables.

### 3.2.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo.
- Nivel de risco atribuído ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Expectativas sobre os efectos das drogas
- Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas dos participantes no programa.
- Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Intencións futuras de consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Hábitos de consumo de drogas: niveis de experimentación coas diferentes substancias, frecuencia de uso das diferentes substancias nos últimos 30 días e cantidades consumidas no dito período.
- Niveis de habilidades para a vida e de resistencia á presión grupal.
- Niveis de adherencia a valores saudables.
- Hábitos de ocupación de lecer.

### 3.2.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de risco atribuído ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Expectativas sobre os efectos das drogas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Intencións futuras de consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Hábitos de consumo de drogas: experimentación coas diferentes substancias, frecuencia de uso nos últimos 30 días e cantidades consumidas en dicho período	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de autoestima	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de habilidades para a vida e de resistencia á presión grupal	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de habilidades para a toma de decisións	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de adherencia a valores saudables	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Hábitos de ocupación de lecer	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención

De forma complementaria á avaliación de resultados que realicen os diferentes profesionais participantes no desenvolvemento e/ou seguimento do programa nos seus respectivos ámbitos xeográficos, con carácter cuadrienal o Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos promoverá a realización dun estudo de avaliación de resultados do programa. O dito estudo incluirá un deseño cuasi-experimental, con medicións pretest e postest e grupo de control non equivalente.

### 3.2.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

O programa debe incluír unha avaliación sistemática e estandarizada, con medicións previas e posteriores á intervención sobre as variables que pretende modificar o programa (actitudes, crenzas e hábitos de consumo, valores, habilidades de resistencia e hábitos de lecer).

Para isto, aplicaranse os seguintes instrumentos:

- Escala de familiaridade e coñecemento sobre drogas (anexo 4.17).
- Escala de actitudes ante o consumo de drogas (anexo 4.18).
- Escala de percepción de riscos asociados ao consumo de drogas (anexo 4.19).
- Escala de intención de consumo (anexo 4.20).
- Escala de consumo de drogas (anexo 4.21).
- Escala de avaliación de resultados para profesores (anexo 4.22).
- Escala de avaliación de resultados para técnicos de prevención (anexo 4.23).

Aqueles técnicos de prevención que desexen afondar na avaliación de resultados, e como posibles ampliacións desta, poderán utilizar con carácter voluntario as seguintes escalas e cuestionarios incluídos no capítulo 5 (escalas e cuestionarios de uso voluntario):

- Escala de crenzas sobre as consecuencias esperadas sobre os efectos das drogas (anexo 5.1).
- Escala de autoestima (anexo 5.2).
- Escala de habilidades para tomar decisións (anexo 5.3).
- Escala de resistencia á presión social para consumir drogas (anexo 5.6).
- Cuestionario de hábitos de lecer e tempo libre (anexo 5.7).
- Escala de actitudes cara ás drogas legais (anexo 5.9).
- Escala de actitudes cara á saúde (anexo 5.10).



### 3.3. Non pasa nada, ¿pasa algo?. Programa selectivo de prevención escolar

#### AVALIACIÓN DO PROCESO

##### 3.3.1. Metodoloxía para a implementación do programa

###### 1) Orixe da intervención

A necesidade de iniciar o programa pode vir determinada pola demanda concreta dos centros educativos ou ben pola valoración da necesidade de intervir realizada polo equipo local de prevención, de acordo cos datos que indican a existencia de situacións de risco en relación coas drogas.

###### 2) Niveis de aplicación do programa

O programa céntrase na detección de alumnos en situación de risco en relación coas drogas para, unha vez detectados, responder ás necesidades específicas percibidas en cada centro educativo, mediante a oferta de dous niveis distintos de intervención:

- Primeiro nivel. Desenvolvemento dunha intervención de prevención selectiva na aula a cargo dos técnicos de prevención, dirixida a alumnos de 4.º de ESO das aulas en que se detectaron conflitos relacionados coas drogas.
- Segundo nivel. Intervención de prevención selectiva dirixida a aqueles casos en que, tras a intervención na aula, se detecten condutas de abuso a drogas que exixan unha intervención máis especializada para a súa abordaxe. O traballo de detección de adolescentes con consumos problemáticos e/ou condutas de abuso complementábase coa aplicación do "Protocolo de intervención con menores drogodependentes", que establece a súa derivación ao Programa de menores que desenvolven as unidades de condutas adictivas.

###### 3) Criterios para o desenvolvemento do programa

Para definir o nivel de intervención requirido por cada centro educativo, analizarase a situación concreta deste de acordo coa información achegada por un protocolo, que cubrirán conxuntamente os técnicos de prevención e os responsables do centro educativo, que explora a natureza e extensión do problema e as opinións dos axentes respecto á necesidade de intervir.

###### 4) Programación da intervención adaptada á valoración da situación

Segundo os datos recollidos a través do protocolo anterior, poderanse definir os contidos concretos do programa que se desenvolverá en cada centro e establecerase:

- O desenvolvemento de sesións de análise dos problemas existentes, conxuntamente co profesorado e os pais.
- O desenvolvemento de cinco sesións formativas (obradoiros) dirixidas a adolescentes escolarizados sobre as drogas (características, riscos, mitos e crenzas erróneas) e de adestramento en habilidades de afrontamento de situacións de risco.

### 3.3.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

#### Indicadores de cobertura

- Número de centros escolares adscritos ao programa sobre o total de centros que imparten 4.º de ESO.
- Número de aulas onde se implementa o programa sobre o total de aulas de 4.º de ESO.
- Número de alumnos que participan no programa sobre o total de alumnos matriculados en 4.º de ESO.

#### Indicadores de actividades realizadas

##### a) Actividades de promoción, coordinación e seguimento do programa

- Número de centros incorporados ao programa por demanda do centro e/ou por iniciativa do equipo de prevención (modo de captación dos centros).
- Número de centros escolares novos que implementan o programa.

##### b) Difusión de materiais

- Exemplares do "Manual para a implementación do programa" distribuídos.
- Número de guías informativas para pais distribuídas.
- Número de guías informativas para mozos distribuídas.
- Pósteres informativos distribuídos.
- Material gráfico e audiovisual distribuído

##### c) Axuste/fidelidade das actividades aos contidos previstos no programa

- Número de protocolos elaborados para avaliar a situación e a pertinencia da implementación do programa.
- Número de reunións mantidas para a elaboración de protocolos.
- Número de sesións formativas desenvolvidas na aula e duración.
- Número de alumnos asistentes ás distintas sesións formativas.
- Número de sesións de análise con profesores e nais/pais realizadas.
- Número de profesores e nais/pais asistentes ás sesións de análise.
- Grao de axuste na execución do programa ás previsións deste.
- Nivel de implicación dos participantes.
- Número e tipo de incidencias non previstas.

##### d) Calidade das intervencións

- Valoración das actividades por parte dos profesores.
- Valoración das actividades por parte das nais/pais.
- Valoración do programa polos alumnos.

### 3.3.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Número de centros adscritos ao programa sobre o total de centros que imparten 4.º de ESO	Anual	Servizo DD e TA
Número de aulas onde se implementa o programa sobre o total de aulas de 4.º de ESO	Anual	Servizo DD e TA
Número de alumnos que participan no programa sobre o total de alumnos matriculados en 4.º de ESO	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMENTO</b>		
Número de centros incorporados ao programa por demanda do centro e/ou por iniciativa do equipo de prevención	Anual	Técnico prevención
Número de centros escolares novos que implementan o programa	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE MATERIAIS</b>		
Exemplares do "Manual para a implementación do programa" distribuídos	Anual	Servizo DD e TA
Número de guías informativas para pais distribuídas	Anual	Servizo DD e TA
Número de guías informativas para mozos distribuídas	Anual	Servizo DD e TA
Pósteres informativos distribuídos	Anual	Servizo DD e TA
Material gráfico e audiovisual distribuídos	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE AXUSTE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS AO PLANIFICADO</b>		
Número de protocolos elaborados para avaliar a situación e a pertinencia da implementación do programa	Anual	Técnico prevención
Número de reunións mantidas para a elaboración de protocolos	Despois de cada reunión	Técnico prevención
Número de sesións formativas desenvolvidas na aula e duración	Despois da intervención	Técnico prevención
Número de alumnos asistentes ás distintas sesións formativas	Despois da intervención	Técnico prevención
Número de sesións de análise con profesores e nais/pais realizadas	Despois de cada sesión	Técnico prevención
Número de profesores e nais/pais asistentes ás sesións de análise	Despois de cada sesión	Técnico prevención
Grao de axuste na execución do programa ás previsións deste	Anual	Técnico prevención
Nivel de implicación dos participantes	Anual	Técnico prevención
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DA CALIDADE DAS INTERVENCIÓNS</b>		
Valoración das actividades por parte dos profesores	Despois da intervención	Técnico prevención
Valoración das actividades por parte das nais/pais	Despois da intervención	Técnico prevención
Valoración do programa polos alumnos	Despois da intervención	Técnico prevención

### 3.3.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

#### a) Para a avaliación da cobertura

- Estatística das ensinanzas non universitarias: achega datos sobre os centros e aulas que imparten 4.º de ESO e os alumnos matriculados. Esta información, desagregada por municipios, está dispoñible no Portal educativo da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>). Estes datos, agregados para Galicia, están na web do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (<http://www.educacion.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas>).
- Listaxe de centros, aulas, onde se desenvolve o programa en cada curso académico e de profesores e alumnos participantes nel.

#### b) Para a avaliación do proceso e a valoración do programa

- Protocolo de avaliación da situación inicial (anexo 4.24).
- Folla de rexistro sistemático de actividades realizadas (anexo 4.25).
- Escala de valoración do proceso para profesores (anexo 4.26).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.27).
- Escala de satisfacción co programa para alumnos (anexo 4.28).
- Escala de satisfacción co programa para nais/pais (anexo 4.29).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.3.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos asignados ao programa son:

- Ofrecer aos alumnos unha formación preventiva sobre as substancias psicoactivas e as consecuencias do seu consumo mediante a utilización dun método educativo baseado na interacción e a investigación de cada alumno.
- Mellorar a información dos alumnos sobre as substancias, efectos e consecuencias a nivel físico, psíquico, social e legal.
- Incrementar a percepción do risco relacionado co uso de drogas.
- Promover o adestramento dos alumnos no establecemento de límites persoais e en relación co grupo.
- Mellorar as habilidades sociais dos alumnos para facer novos amigos.
- Informar e apoiar as familias dos menores en situación de risco, orientando situacións de dificultade.
- Mellorar a capacitación dos educadores para xestionar de forma adecuada os temas relacionados co abuso de drogas.
- Promover nas familias dos menores en situación de risco, un incremento das habilidades de xestión, comunicación e negociación familiar.

Os compoñentes que incorpora o programa son:

- Información sobre o alcohol, tabaco e outras drogas.
- Adestramento en habilidades de afrontamento.

### 3.3.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo.
- Nivel de risco atribuído polos alumnos ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Expectativas sobre os efectos das drogas.
- Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas dos participantes no programa.
- Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Intencións futuras de consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Hábitos de consumo de drogas: niveis de experimentación coas diferentes substancias, frecuencia de uso das diferentes substancias nos últimos 30 días e cantidades consumidas no dito período.
- Nivel de habilidades de afrontamento.
- Número de alumnos onde se detectaron consumos problemáticos e/ou condutas de abuso de drogas.
- Alumnos con condutas de abuso de drogas derivados ás unidades de condutas adictivas para a súa inclusión no programa de menores.

### 3.3.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de risco atribuído ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Expectativas sobre os efectos das drogas.	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Intencións futuras de consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Hábitos de consumo de drogas: niveis de experimentación coas diferentes substancias, frecuencia de uso nos últimos 30 días e cantidades consumidas no dito período	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Niveis de habilidades de afrontamento	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Número de alumnos detectados con consumos problemáticos e/ou abuso de drogas	Anual	Técnico prevención
Alumnos con condutas de abuso de drogas derivados a unidades de condutas adictivas	Despois da intervención	Técnico prevención

De forma complementaria á avaliación de resultados que realicen os diferentes profesionais participantes no desenvolvemento e/ou seguimento do programa nos seus respectivos ámbitos xeográficos, con carácter cuadrienal o Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos promoverá a realización dun estudo de avaliación de resultados do programa. O dito estudo incluírá un deseño cuasi-experimental, con medicións pretest e postest e grupo de control non equivalente.

### 3.3.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

O programa debe incluír unha avaliación sistemática e estandarizada, con medicións previas e posteriores á intervención sobre as variables que pretende modificar o programa (actitudes, crenzas e hábitos de consumo, valores, habilidades de resistencia e hábitos de lecer).

Para isto, aplicaranse os seguintes instrumentos:

- Escala de familiaridade e coñecemento sobre drogas (anexo 4.30).
- Escala de actitudes cara ao consumo de drogas (anexo 4.31).
- Escala de percepción de riscos asociados ao consumo de drogas (anexo 4.32).
- Escala de intencións de consumo (anexo 4.33).
- Escala de consumo de drogas (anexo 4.34).

Aqueles técnicos de prevención que desexen afondar na avaliación de resultados, e como posibles ampliacións desta, poderán utilizar con carácter voluntario as seguintes escalas e cuestionarios incluídos no capítulo 5 (escalas e cuestionarios de uso voluntario):

- Escala de crenzas sobre as consecuencias esperadas sobre os efectos das drogas (anexo 5.1).
- Escala de resistencia á presión social para consumir drogas (anexo 5.6).
- Escala de actitudes cara ás drogas legais (anexo 5.9).
- Escala de actitudes cara á saúde (anexo 5.10).

## 3.4. Odisea. Programa selectivo de prevención en centros de garantía social

### AVALIACIÓN DO PROCESO

#### 3.4.1. Metodoloxía para a implementación do programa

A implementación do programa axústase ás seguintes fases:

**FASE 1.** Selección dos centros participantes (en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

**FASE 2.** Formación dos equipos educativos dos centros a partir dos contidos da “Guía fácil de prevención selectiva en recursos educativos e formativos”. Consistente nunha semana de formación dirixida a todo o equipo do centro (20 horas), ten por obxectivo capacitalos para deseñar un programa de prevención axustado á realidade do seu centro educativo. O contido formativo estrutúrase en cinco sesións.

**FASE 3.** Deseño dun programa de prevención en cada un dos centros e desenvolvemento supervisado deste.

**FASE 4.** Avaliación dos resultados.

#### 3.4.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

Indicadores de cobertura

- Número de centros adscritos ao programa sobre o total de centros de garantía social.
- Número de aulas onde se implementa o programa sobre o total de aulas de garantía social.
- Número de alumnos beneficiarios do programa sobre o total de alumnos matriculados en garantía social.

Indicadores de actividades realizadas

##### a) Actividades de promoción, coordinación e seguimento do programa

- Número de centros de garantía social aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa.
- Número de centros incorporados ao programa por demanda do centro e/ou por iniciativa do equipo de prevención (modo de captación dos centros).
- Número de centros novos que implementan o programa.
- Número de reunións mantidas polos técnicos de prevención coas direccións dos centros educativos, membros do consello escolar, anpas e profesores para a implementación e seguimento do programa.

##### b) Actividades de formación

- Número de cursos de formación para equipos docentes realizados.
- Número de participantes nos cursos de formación.

##### c) Difusión de materiais

- Exemplares distribuídos da “Guía fácil de prevención selectiva en recursos educativos e formativos”.

##### d) Axuste/fidelidade das actividades aos contidos previstos no programa

- Número de sesións formativas desenvolvidas e duración.
- Número de reunións de apoio ao deseño e á implementación do proxecto en cada centro.
- Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións.
- Nivel de implicación dos participantes.
- Número e tipo de incidencias non previstas.

e) Calidade das intervencións

- Valoración das actividades por parte dos profesores.
- Valoración das actividades por parte dos técnicos de prevención.

### 3.4.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Número de centros adscritos ao programa sobre o total de centros de garantía social	Anual	Servizo DD e TA
Número de aulas onde se implementa o programa sobre o total de aulas de garantía social	Anual	Servizo DD e TA
Número de alumnos beneficiarios do programa sobre o total de alumnos matriculados en garantía social	Anual	Servizo DD e TA
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMENTO</b>		
Número de centros aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa	Anual	Técnico prevención
Número de centros incorporados ao programa por demanda do centro e/ou por iniciativa do equipo de prevención	Anual	Técnico prevención
Número de centros novos que implementan o programa	Anual	Técnico prevención
Número de reunións mantidas polos técnicos de prevención coas direccións dos centros educativos, membros do consello escolar, anpas e profesores para a implementación e seguimento do programa	Despois da reunión	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN</b>		
Número de cursos de formación para equipos docentes realizados	Anual	Técnico prevención
Número de participantes nos cursos de formación	Despois da reunión	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE MATERIAIS</b>		
Exemplares distribuídos da "Guía fácil de prevención selectiva en recursos educativos e formativos"	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE AXUSTE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS AO PLANIFICADO</b>		
Número de sesións formativas realizadas e duración	Despois da intervención	Técnico prevención
Número de reunións de apoio ao deseño e á implementación do proxecto en cada centro	Despois de cada reunión	Técnico prevención
Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións	Anual	Técnico prevención
Nivel de implicación dos participantes	Anual	Técnico prevención
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE CALIDADE DAS INTERVENCIÓNS</b>		
Valoración das actividades por parte dos profesores	Despois da intervención	Técnico prevención
Valoración das actividades por parte dos técnicos de prevención.	Despois da intervención	Técnico prevención



### 3.4.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

a) Para a avaliación da cobertura

- Estatística das ensinanzas non universitarias: achega datos dos centros, aulas e alumnos matriculados en garantía social. Esta información, desagregada por municipios, está dispoñible no Portal educativo da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>). Estes datos, agregados para Galicia, están na web do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (<http://www.educacion.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas>).
- Listaxe de centros e aulas onde se desenvolve o programa e rexistro de profesores e alumnos participantes.

b) Para a avaliación do proceso e a valoración do programa

- Folla de rexistro sistemático de actividades realizadas (anexo 4.35).
- Escala de valoración do proceso para profesores (anexo 4.36).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.37).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.4.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos asignados ao programa son:

- Dotar os profesores de información básica sobre o fenómeno do consumo de drogas nos mozos.
- Estimular dunha forma práctica a reflexión e a análise da abordaxe da prevención de drogodependencias nos centros de garantía social.
- Establecer unha metodoloxía de intervención ante situacións relacionadas co abuso de drogas.
- Facilitar o desenvolvemento de habilidades educativas específicas na área de drogas, que lle permita ao profesorado abordar a nivel individual (titorías) e grupal os consumos problemáticos de drogas entre os seus alumnos.
- Conseguir que os profesionais coñezan e utilicen os recursos existentes na abordaxe e na prevención do abuso de drogas con esta poboación (fontes de información e recursos de apoio).

Os compoñentes que incorpora o programa son:

- Información sobre as drogas.
- Adestramento en habilidades de afrontamento de situacións relacionadas co consumo de drogas.
- Adestramento en planificación.
- Manexo de normas e establecemento de límites.

### 3.4.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Nivel de coñecemento dos docentes sobre as drogas, as consecuencias e riscos do seu consumo e os factores asociados ao seu uso.
- Habilidades educativas do profesorado.
- Capacidade para planificar accións preventivas no centro e coas familias dos alumnos.
- Grao de coñecemento e utilización dos docentes de fontes de información e recursos de apoio á prevención.
- Capacidade para manexar os consumos problemáticos de drogas que manteñen os seus alumnos.

### 3.4.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de coñecemento dos docentes sobre as drogas, as consecuencias e riscos do seu consumo e os factores asociados ao seu uso	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Habilidades educativas do profesorado	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Capacidade para planificar accións preventivas no centro e coas familias dos alumnos	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Grao de coñecemento e utilización dos docentes de fontes de información e recursos de apoio á prevención	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Capacidade para manexar os consumos problemáticos de drogas que manteñen os seus alumnos	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención

### 3.4.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Cuestionario de coñecementos adquiridos sobre as drogas (anexo 4.38).
- Escala de habilidades educativas para o manexo de problemas relacionados coas drogas (anexo 4.39).
- Cuestionario sobre coñecementos en planificación (anexo 4.40).
- Escala de habilidades de afrontamento para profesores (anexo 4.41).
- Grupos de discusión e entrevistas en profundidade con algúns dos participantes no programa (anexo 4.42).

## 3.5. Máis que un teito. Programa universal de prevención familiar

### AVALIACIÓN DO PROCESO

#### 3.5.1. Metodoloxía para a implementación do programa

O programa dá comezo coa convocatoria dun “Encontro de pais-nais/profesores/alumnos”, a través dos alumnos matriculados en educación infantil, primaria, secundaria e/ou bacharelato. Este encontro serve para destacar a relevancia que teñen os consumos de drogas e as posibilidades dos pais/nais para actuar como axentes preventivos, á vez que se presentan os obxectivos e contidos do programa.

Unha vez finalizado este encontro (realizado nunha única sesión), e en función da motivación, intereses e dispoñibilidade, ofértaselles aos pais e nais alí presentes a dobre posibilidade de desenvolver o programa de forma:

- Presencial.
- Non presencial (os pais/nais reciben no seu domicilio materiais de soporte do programa con contidos teóricos e prácticos).

A forma habitual en que se desenvolve o programa presencial é en formato de módulos ou sesións presenciais que se realizarán co grupo de pais/nais que acepten participar. Os participantes nos grupos de pais/nais deben adscribirse a estes segundo a idade dos fillos (se teñen fillos de varias idades deben incorporarse no grupo de idade daquel que máis os preocupa).

O programa non presencial impleméntase a partir da distribución nos centros escolares, a través dos alumnos, de materiais escritos e vídeos informativos expresamente realizados para traballar a prevención familiar, en función do curso en que están escolarizados os seus fillos. Os materiais escritos e a cinta de vídeo van acompañados de trípticos explicativos do programa e dun cuestionario ou folla de rexistro que deben devolver cuberta todos os pais. Desta maneira contrólense as familias ás cales chega o programa, cantas delas viron o vídeo e leron os folletos, así como a valoración que realizan destes. Déixase pasar unha fin de semana, como mínimo, para dar tempo suficiente a todos os pais de visualizar o vídeo e cubrir os rexistros de avaliación.

Os contidos abordados nos distintos grupos están adaptados ás idades dos fillos dos pais participantes de: infantil, primaria, secundaria e postobligatoria (bacharelato e ciclos formativos).

O programa está deseñado inicialmente para a súa implementación ao longo do curso escolar. Non obstante, e tendo en consideración a importante variabilidade no número de sesións propostas en función da idade dos fillos, a duración do programa pode oscilar entre un e cinco meses, a razón dunha sesión semanal, en función das necesidades, interese e posibilidades de asistencia dos pais.

### 3.5.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

#### Indicadores de cobertura

- Pais/nais ou titores participantes no programa sobre o total de pais/titores con fillos con idades comprendidas entre os 5 e os 18 anos matriculados en educación infantil, primaria, secundaria e postobrigatoria.
- Pais/nais ou titores adscritos ao programa na modalidade presencial e non presencial.

#### Indicadores de actividades realizadas

##### a) Actividades de promoción, coordinación e seguimento do programa

- Número de centros de infantil, primaria, secundaria e postobrigatoria aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa.
- Número de encontros de pais-nais/profesores/alumnos realizados.
- Número de pais/nais convocados para participar no programa mediante cartas facilitadas polos seus fillos.
- Número de asistentes aos encontros de pais-nais/profesores/alumnos, segundo o tipo de participantes.

##### b) Actividades de formación

- Número de grupos de pais/nais en funcionamento.
- Número de asistentes aos distintos grupos de pais/nais presenciais.

##### c) Difusión de materiais

- Número de folletos explicativo cos obxectivos e contidos do programa distribuídos.
- Número de guías informativas para pais distribuídas.
- Número de vídeos distribuídos sobre prevención e consumo de drogas no ámbito familiar.

##### d) Axuste/fidelidade das actividades aos contidos previstos no programa

- Número de sesións grupais realizadas e duración destas.
- Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións.
- Nivel de implicación dos participantes.
- Número e tipo de incidencias non previstas.

##### e) Calidade das intervencións

- Valoración das actividades por parte dos pais/nais.

### 3.5.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Pais/nais ou titores participantes no programa sobre o total de pais/titores con fillos con alumnos de 5 a 18 anos matriculados en infantil, primaria, secundaria e postobrigatoria	Anual	Servizo DD e TA e técnico prevención
Pais/nais ou titores adscritos ao programa na modalidade presencial e non presencial	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMENTO</b>		
Número de centros de infantil, primaria, secundaria e postobrigatoria aos cales os técnicos de prevención presentaron o programa	Anual	Técnico prevención
Número de encontros de pais-nais/profesores/alumnos celebrados	Anual	Técnico prevención
Número de pais/nais convocados para participar no programa mediante cartas facilitadas polos seus fillos	Anual	Técnico prevención
Número de asistentes aos encontros de pais-nais/profesores/alumnos, segundo o tipo de participantes	Despois da reunión	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN</b>		
Número de grupos de pais/nais en funcionamento	Anual	Técnico prevención
Número de asistentes aos distintos grupos de pais/nais presenciais	Despois da intervención	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE MATERIAIS</b>		
Número de folletos explicativos cos obxectivos e contidos do programa distribuídos	Anual	Técnico prevención
Número de guías informativas para pais distribuídas	Anual	Técnico prevención
Número de vídeos distribuídos sobre prevención e consumo de drogas no ámbito familiar	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE AXUSTE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS AO PLANIFICADO</b>		
Número de sesións grupais realizadas e duración destas.	Despois de cada sesión	Técnico prevención
Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións	Despois da intervención	Técnico prevención
Nivel de implicación dos participantes	Anual	Técnico prevención
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DA CALIDADE DAS INTERVENCIÓNS</b>		
Valoración das actividades por parte dos pais/nais	Despois da intervención	Técnico prevención

### 3.5.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

#### a) Para a avaliación da cobertura

- Estatística das ensinanzas non universitarias: achega datos dos centros, aulas e alumnos matriculados en educación infantil, primaria, secundaria e postobrigatoria. Esta información, desagregada por municipios, está dispoñible no Portal educativo da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>). Estes datos, agregados para Galicia, están na web do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (<http://www.educacion.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas>).
- Listaxe de centros, aulas, profesores e alumnos onde se desenvolve o programa en cada curso académico (con referencia á súa antigüidade).
- Padrón municipal de habitantes.

#### b) Para a avaliación do proceso e a valoración do programa

- Folla de rexistro sistemático de actividades (anexo 4.43).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.44).
- Escala de satisfacción co programa para nais/pais (anexo 4.45).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.5.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos asignados ao programa son:

- Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación dos pais, nais ou titores que reciben a intervención.
- Promover e reforzar os factores de protección familiar, ao tempo que se pretende reducir o impacto dos factores de risco relacionados con este ámbito.
- Mellorar a calidade da información sobre drogas de que dispoñen os pais.
- Mellorar a habilidade dos participantes para o desenvolvemento de pautas consistentes de xestión familiar.
- Mellorar as actitudes educativas dos pais.
- Mellorar as actitudes preventivas dos pais.

Os compoñentes que incorpora o programa son:

- Información sobre drogas.
- Habilidades educativas.
- Habilidades de xestión familiar.

### 3.5.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Nivel de información e coñecementos sobre as drogas e os seus efectos.
- Nivel de coñecemento dos factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas.
- Actitudes fronte ás drogas e ao seu consumo por parte dos fillos.
- Nivel de competencias educativas dos pais e nais.
- Habilidades de comunicación cos fillos.

### 3.5.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de información e coñecementos sobre as drogas e os seus efectos	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de coñecemento dos factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Actitudes fronte ás drogas e ao seu consumo por parte dos fillos	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de competencias educativas dos pais e nais	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Habilidades de comunicación cos fillos	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención

De forma complementaria á avaliación de resultados que realicen os diferentes profesionais participantes no desenvolvemento e/ou seguimento do programa nos seus respectivos ámbitos xeográficos, con carácter cuadrienal o Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos promoverá a realización dun estudo de avaliación de resultados do programa. Este estudo incluírá un deseño cuasi-experimental, con medicións pretest e postest e grupo de control non equivalente.

### 3.5.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Cuestionario de coñecementos sobre drogas para pais (anexo 4.46).
- Escala de actitudes ante o consumo de drogas no ámbito familiar (anexo 4.47).
- Escala de competencias educativas para pais (anexo 4.48).

## 3.6. En familia todos contan. Programa selectivo de prevención familiar

### AVALIACIÓN DO PROCESO

#### 3.6.1. Metodoloxía para a implementación do programa

A detección de familias potencialmente beneficiarias do programa será realizada, fundamentalmente, polos equipos de orientación do centro educativo onde estudan os seus fillos, polos profesores e polos profesionais dos servizos sociais de base.

A implementación do programa está precedida de diversas accións destinadas á captación das persoas beneficiarias deste (nais/pais e titores de familias con fillos en situación de risco respecto ao consumo de drogas e que presentan dificultades para exercer de forma adecuada o seu labor educativo), entre as cales se inclúen:

- Chamadas telefónicas, entrevistas persoais a pais e titores con fillos en situación de risco motivándoos a participar no programa, a cargo dos profesionais responsables deste.
- Envío de cartas a pais e titores, a través dos fillos, animándoos a incorporarse ao programa.
- Difusión do programa en centros de servizos sociais, de atención primaria de saúde, educativos e medios de comunicación locais para propiciar o acceso ao programa dos pais e titores interesados en participar nel.

A captación das familias verase reforzada coa oferta de actividades lúdicas destinadas aos fillos menores dos pais que participen no programa e pola entrega de vales de comida e outros incentivos.

Unha vez completada a captación dos pais e titores, procederase ao desenvolvemento do obradoiro arredor do cal se articula o programa, e que inclúe cinco sesións nas cales se abordan os seguintes contidos:

- Presentación do programa.
- Estilos de supervisión.
- O noso fillo aprende a comportarse.
- Como actuamos os pais.
- O noso proxecto educativo.

Os pais e titores participantes no programa reciben distintos guías e materiais con pautas para previr o consumo de drogas e reforzar as aprendizaxes realizadas durante a realización do obradoiro.

#### 3.6.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

Indicadores de cobertura

## **AVALIACIÓN DE RESULTADOS**

### **3.10.5. Obxectivos e compoñentes do programa**

Os obxectivos asignados ao programa son:

- Proporcionar aos mozos consumidores información veraz, obxectiva e adaptada ás súas necesidades reais, coa finalidade de que poidan facer un uso máis seguro das substancias consumidas.
- Aumentar a percepción do risco asociado ao uso/abuso de alcohol, cánnabis, drogas de síntese e cocaína nos contextos de ocio.
- Dar a coñecer estratexias que permitan un consumo de menor risco.
- Informar e orientar sobre servizos e recursos en relación a problemas por consumo de drogas.
- Conectar con servizos de urxencia en casos de intoxicación por uso/abuso de drogas.
- Reducir as intoxicacións etílicas entre os mozos.
- Diminuír os niveis de frecuentación dos servizos de urxencias sanitarias por problemas agudos relacionados co uso de drogas en contextos de lecer nocturno.

Os compoñentes básicos do programa son:

- Formación de mediadores xuvenís.
- Distribución de materiais informativos.
- Atención de consultas e asesoramento persoal.
- Información e derivación a recursos asistenciais de consumidores abusivos de diferentes drogas.

### **3.10.6. Indicadores para a avaliación de resultados**

- Nivel de risco percibido asociado ao consumo de drogas.
- Nivel de consumos problemáticos de drogas.
- Número de intoxicacións por consumo de alcohol ou outras drogas.
- Número de intervencións dos servizos de urxencias sanitarias nos contextos de lecer.
- Número de derivacións a centros de tratamento das adiccións.

### 3.10.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de risco percibido asociado ao consumo de drogas.	Tras cada intervención	Técnico prevención
Nivel de consumos problemáticos de drogas.	Tras cada intervención	Técnico prevención
Número de intoxicacións por consumo de alcohol ou outras drogas.	Tras cada intervención	Técnico prevención
Número de intervencións dos servizos de urxencias sanitarias nos contextos de ocio.	Tras cada intervención	Técnico prevención
Número de derivacións a centros de tratamento das adicións.	Tras cada intervención	Técnico prevención

As características do programa (contactos puntuais con mozos nun contexto non formal de tipo lúdico) fan pouco viable a posibilidade de realizar medicións previas e posteriores á intervención. Por isto, proponse realizar a aproximación á avaliación de resultados mediante a comparación dos resultados nos distintos instrumentos que se utilizarán en diferentes momentos temporais (ao inicio da posta en marcha do programa e á súa conclusión) sobre o conxunto de mozos que acceden ao programa, que poden non ser os mesmos nos puntos de corte establecidos.

### 3.10.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Escala de percepción de riscos asociados ao consumo de drogas (anexo 4.102).
- Cuestionario sobre hábitos de consumo problemático de drogas (anexo 4.103).
- Folla de rexistro de intervencións en situación de crise e derivacións a servizos asistenciais (anexo 4.104).

## 3.11 Ao alcance. Programa universal de prevención do consumo de drogas no ámbito laboral

### AVALIACIÓN DO PROCESO

#### 3.11.1. Metodoloxía para a implementación do programa

##### 1) Difusión do programa

- Reunións entre representantes da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e de organizacións empresariais e sindicais para presentar os obxectivos e contidos do programa.
- Reunións entre representantes da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e de mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais para difundir o programa en empresas asociadas.
- Remisión pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública dun escrito, a todas as empresas radicadas en Galicia cun cadro de persoal de 50 ou máis empregados, informando dos obxectivos e contidos do programa, xuntando a “Guía para empresas interesadas en promover programas de prevención das drogodependencias”.

##### 2) Recepción das demandas para implementar o programa

As empresas interesadas en implementar o programa notificarán a súa petición á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, quen a trasladará ao equipo de prevención da zona. Un técnico do equipo contactará coa persoa designada pola empresa para fixar unha reunión de traballo para acordar os pasos que se seguirán para a implantación do programa. Ao final da reunión, o representante da empresa asinará unha petición escrita solicitando a alta no programa.

##### 3) Execución do programa

Comezará formalmente cunha segunda reunión do técnico do equipo de prevención cos responsables dos servizos de saúde laboral, prevención, recursos humanos, delegados de prevención, membros dos comités de saúde e seguridade e representantes dos traballadores para informalos dos contidos do programa e das actividades que se poñerán en marcha e acordar a elaboración do estudo de necesidades en materia de prevención das drogodependencias.

Completada a avaliación de necesidades procederase a adecuar os contidos do programa ás demandas e necesidades específicas da empresa, tarefas que deberían ser acometidas nun prazo estimado dun mes. Os contidos do estudo de necesidades e a adecuación do programa remitiranse ao interlocutor designado pola empresa. Confirmada a aceptación do seu contido polos representantes dos traballadores, procederíase a fixar o calendario de execución das actividades previstas no programa, pola seguinte orde:

- Curso básico e de especialización de mediadores laborais.
- Distribución entre os mediadores laborais da empresa do “Manual para a posta en marcha do Programa Ao alcance”.
- Distribución de materiais de información/sensibilización entre os traballadores.
- Execución do resto de medidas previstas no programa.

#### 3.11.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

##### Indicadores de cobertura

- Empresas radicadas en Galicia con cadros de persoal de 50 ou máis empregados que implementaron o Programa Ao alcance sobre o total de empresas radicadas en Galicia.
- Número de traballadores beneficiarios do programa sobre o total de traballadores ocupados en Galicia.

Indicadores de actividades realizadas

a) Actividades de promoción, coordinación e seguimento do programa

- Número de reunións entre representantes da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública con representantes de organizacións empresariais e sindicais.
- Número de reunións entre representantes da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Número de cartas remitidas a empresas radicadas en Galicia informando dos obxectivos e contidos do programa.
- Número de "Guías para empresas interesadas en promover programas de prevención das drogodependencias" remitidas.
- Número de empresas interesadas en implementar o programa.
- Número de reunións preliminares mantidas polos técnicos de prevención con representantes de empresas para acordar o procedemento de implementación do programa.
- Número de empresas que formalizan por escrito a petición de alta no programa.
- Número de reunións, e de asistentes a estas, mantidas polos técnicos de prevención e responsables dos servizos de saúde laboral, prevención, recursos humanos, técnicos de prevención, comités de saúde e seguridade, e representantes sindicais das empresas onde se implantará o programa.
- Número de reunións mantidas para o seguimento e avaliación do programa nas distintas empresas que o implementan.

b) Actividades de formación de mediadores laborais

- Número de cursos de formación básica para mediadores laborais realizados.
- Número de participantes nos cursos de formación básica.
- Número de cursos de formación especializada para mediadores laborais realizados.
- Número de participantes nos cursos de formación especializada.

c) Actividades de información/sensibilización

- Número de exemplares da "Guía dos traballadores fronte ao alcohol e outras drogas" distribuídos.
- Número de carteis, folletos ou outros materiais de apoio distribuídos.

d) Axuste/fidelidade das actividades aos contidos previstos no programa

- Número de empresas onde se realizou un estudo de necesidades en materia de prevención das drogodependencias.
- Número de empresas onde se procedeu á adaptación do programa ás súas características específicas.
- Número de empresas que realizaron actividades de formación para os seus mediadores laborais.
- Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións.
- Nivel de implicación dos participantes.
- Número e tipo de incidencias non previstas.

e) Calidade das intervencións

- Valoración das actividades por parte de mediadores laborais.
- Valoración das actividades por parte dos técnicos de prevención.



### 3.11.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Empresas radicadas en Galicia que implementaron o Programa Ao alcance sobre o total de empresas radicadas en Galicia.	Anual	Servizo DD e TA/ Técnico prevención
Número de traballadores beneficiarios do programa sobre o total de traballadores ocupados en Galicia.	Anual	Servizo DD e TA/ Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMENTO</b>		
Número de reunións entre representantes da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e de organizacións empresariais e sindicais	Anual	D.X. Saúde Pública e Planificación
Número de reunións entre representantes da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais	Anual	D.X. Saúde Pública e Planificación
Número de cartas remitidas a empresas radicadas en Galicia informando dos obxectivos e contidos do programa	Anual	D.X. Saúde Pública e Planificación
Número de "Guías para empresas interesadas en promover programas de prevención das drogodependencias" remitidas	Anual	D.X. Saúde Pública e Planificación
Número de empresas interesadas en implementar o programa	Anual	D.X. Saúde Pública e Planificación/ Técnico prevención
Número de reunións preliminares mantidas polos técnicos de prevención con representantes de empresas para acordar o procedemento de implementación do programa	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de empresas que formalizan por escrito a petición de alta no programa	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de reunións, e de asistentes a estas, mantidas polos técnicos de prevención e responsables dos servizos de saúde laboral, prevención, recursos humanos, técnicos de prevención, comités de saúde e seguridade, e representantes sindicais das empresas onde se implantará o programa	Tras cada reunión	Técnico prevención
Numero de reunións mantidas para o seguimento e avaliación do programa nas distintas empresas que o implementan	Tras cada reunión	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DE MEDIADORES LABORAIS</b>		
Número de cursos de formación básica para mediadores laborais realizados	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de participantes nos cursos de formación básica	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de cursos de formación especializada para mediadores laborais realizados	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de participantes nos cursos de formación especializada	Tras cada reunión	Técnico prevención

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN/SENSIBILIZACIÓN</b>		
Número de exemplares da “Guía dos traballadores fronte ao alcohol e outras drogas” distribuídos	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de carteis, folletos ou outros materiais de apoio distribuídos	Tras cada reunión	Técnico prevención
<b>INDICADORES DE AXUSTE ACTIVIDADES A CONTIDOS DO PROGRAMA</b>		
Número de empresas que realizaron un estudo de necesidades en materia de prevención das drogodependencias	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de empresas onde se procedeu á adaptación do programa ás súas características específicas	Tras cada reunión	Técnico prevención
Número de empresas que realizaron actividades de formación para os seus mediadores laborais	Tras cada reunión	Técnico prevención
Grao de axuste na execución do programa ás súas previsións	Anual	Técnico prevención
Nivel de implicación dos participantes	Anual	Técnico prevención
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Técnico prevención
<b>INDICADORES DA CALIDADE DAS INTERVENCIÓNS</b>		
Valoración das actividades por parte dos mediadores laborais	Anual	Técnico prevención
Valoración das actividades por parte dos técnicos de prevención	Anual	Técnico prevención

### 3.11.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

- Folla de rexistro sistemático das actividades realizadas (anexo 4.105).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.106).
- Cuestionario de avaliación da formación impartida a mediadores laborais (anexo 4.107).
- Cuestionario de avaliación do proceso para mediadores laborais (anexo 4.108).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.11.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos xerais do programa son:

- Facilitar a implementación de actuacións destinadas á prevención dos consumos de drogas e dos danos asociados a estas, integradas nos plans de prevención de riscos laborais, por parte das empresas de Galicia, prioritariamente do sector pesqueiro, transportes e construción.
- Reducir a prevalencia global dos consumos de alcohol e outras drogas entre os traballadores e, de maneira particular, dos pertencentes aos sectores da pesca, o transporte e a construción.
- Reducir o consumo de alcohol e tabaco en horario laboral.
- Reducir a prevalencia dos consumos habituais de tabaco, alcohol e drogas lícitas entre os traballadores e, de maneira particular, dos sectores pesqueiro, do transporte e a construción.

- Reducir a prevalencia de bebedores abusivos entre os traballadores e, de maneira particular, dos sectores pesqueiro, do transporte e a construción.
- Reducir certos comportamentos de risco entre os traballadores asociados ao consumo de drogas (manexo de vehículos ou maquinaria perigosa tras a inxesta destas substancias).

Os obxectivos específicos que persegue o programa son:

- Mellorar o nivel de coñecemento e a calidade da información dos traballadores sobre o impacto das diferentes drogas sobre a súa saúde e benestar persoal e a actividade laboral.
- Reducir a tolerancia social dos traballadores, directivos, representantes sindicais e membros dos servizos de prevención ante os consumos de alcohol e outras drogas.
- Incrementar o risco percibido asociado ao consumo de alcohol ou outras drogas por parte dos traballadores.
- Reducir a permisividade dos traballadores fronte ao consumo de alcohol ou outras drogas dentro da xornada laboral.
- Conseguir que se respecte a normativa que impide o consumo de tabaco nos centros de traballo pechados.
- Conseguir que se respecte a normativa que impide o consumo de alcohol ou outras drogas durante a xornada laboral.
- Facilitar información e orientación aos traballadores con consumos problemáticos de alcohol ou outras drogas que faga posible o seu tratamento temperán en centros especializados.

### 3.11.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Número de empresas que implementaron actuacións específicas para a prevención das drogodependencias.
- Prevalencia dos consumos de tabaco, alcohol e drogas ilícitas entre os traballadores.
- Prevalencia dos consumos de alcohol e tabaco na xornada laboral.
- Nivel de risco atribuído polos alumnos ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas dos participantes no programa.
- Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas.
- Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo.
- Prevalencia dos consumos abusivos e/ou de risco entre os traballadores beneficiarios dos programas.
- Número de traballadores que recibiron orientación e asesoramento por problemas relacionados co uso e/ou abuso de drogas.
- Numero de traballadores que recibiron consello médico, apoio psicolóxico ou outras accións de axuda por presentar consumos abusivos e/ou de risco de distintas drogas.
- Número de traballadores derivados a centros especializados no tratamento das adiccións.
- Número de empresas que desenvolveron normativas internas regulando a oferta de tabaco e alcohol nas instalacións da empresa.
- Número de empresas que desenvolveron normas internas regulando o consumo de tabaco, alcohol ou outras drogas durante a xornada laboral.
- Número de expedientes sancionadores incoados por incumprimento da normativa reguladora da oferta e o consumo de drogas nas instalacións da empresa.

### 3.11.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Número de empresas que implementaron actuacións específicas para a prevención das drogodependencias	Anual	Servizo DD e TA/ Técnico prevención
Prevalencia dos consumos de tabaco, alcohol e drogas ilícitas entre os traballadores	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Prevalencia dos consumos de alcohol e tabaco dentro da xornada laboral	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de risco atribuído polos alumnos ao consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Actitudes ante o consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas dos participantes no programa	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de aceptabilidade do consumo de tabaco, alcohol e drogas ilícitas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Nivel de coñecemento sobre as drogas e as consecuencias e riscos do seu consumo	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Prevalencia dos consumos abusivos e/ou de risco entre os traballadores beneficiarios dos programas	Previo e posterior á intervención	Técnico prevención
Número de traballadores que recibiron orientación e asesoramento por problemas relacionados co uso e/ou abuso de drogas	Anual	Técnico prevención
Numero de traballadores que recibiron consello médico, apoio psicolóxico ou outras accións de axuda por presentar consumos abusivos e/ou de risco de distintas drogas	Anual	Técnico prevención
Número de traballadores derivadas a centros especializados no tratamento das adicións	Anual	Técnico prevención
Número de empresas que desenvolveron normativas internas regulando a oferta de tabaco e alcohol nas instalacións da empresa	Anual	Técnico prevención
Número de empresas que desenvolveron normas internas regulando o consumo de tabaco, alcohol ou outras drogas durante a xornada laboral	Anual	Técnico prevención
Número de expedientes sancionadores incoados por incumprimento da normativa reguladora da oferta e o consumo de drogas nas instalacións da empresa	Anual	Técnico prevención

### 3.11.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Escala de percepción de riscos asociados ao consumo de drogas (anexo 4.109).
- Escala de actitudes ante o consumo de drogas (anexo 4.110)
- Escala de consumo de drogas (anexo 4.111)
- Escala de avaliación de resultados para mediadores laborais (anexo 4.112)
- Escala de avaliación de resultados para técnicos de prevención (anexo 4.113).

## 3.12. SÍSIFO. Programa de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social

### 3.12.1. Subprograma de captación activa e intervención en medio aberto (Outreach)

#### AVALIACIÓN DO PROCESO

##### 3.12.1.1. Metodoloxía para a implementación do programa

A inclusión dos beneficiarios no subprograma realizarase de maneira automática ao establecer a persoa contacto cos equipos que o levan a cabo, permanecendo nel mentres o contacto sexa mantido no tempo e non sexa derivado a unha unidade de condutas adictivas/unidade asistencial de drogodependencias para iniciar tratamento ou realizar outras intervencións máis específicas. As intervencións que se desenvolverán no contexto do subprograma axústanse ao seguinte protocolo:

##### a) Fase de acollida.

- Acollida do usuario por parte dun profesional do equipo.
- Información sobre os servizos e horarios que ofrece o programa.
- Ofrecemento para atender as demandas e necesidades do usuario, de acordo cos obxectivos e posibilidades do programa.

##### b) Fase de avaliación.

- Recollida de información sobre a situación biopsicosocial, de consumo e prácticas de risco do usuario.
- Avaliación das necesidades primarias e secundarias do usuario.
- Detección precoz de poboación nova consumidora.
- Detección de drogodependentes en situación de crise ou notable deterioración biopsicosocial.

##### c) Fase de intervención.

- Redución dos riscos derivados do consumo, tanto os provocados polo consumo crónico, como polas condicións e circunstancias en que se produce.
- Información, orientación e derivación (se procede) en relación coas necesidades primarias detectadas.
- Traballo de motivación cara ao tratamento.
- Avaliación continua do estado biopsicosocial do usuario, especialmente enfermidades infecciosas e de declaración obrigatoria, crises psicolóxicas e déficit de vivenda.

##### d) Fase de seguimento.

- Seguimento dos casos.
- Análise da situación real en cada momento das áreas de consumo, sexualidade, social, sanitaria e psicolóxica e o alcance e efectividade das intervencións realizadas.

##### 3.12.1.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

###### Indicadores de cobertura

- Número de drogodependentes con perfil de exclusión social ou incorporados no "circuíto de rúa" contactados no contexto do subprograma.

###### Indicadores de actividades realizadas

- Beneficiarios do subprograma que foron obxecto de valoración biopsicosocial.
- Beneficiarios do subprograma derivados á rede sanitaria normalizada.

- Beneficiarios do subprograma derivados á rede de servizos sociais.
- Beneficiarios do subprograma derivados á rede de saúde mental.
- Beneficiarios do subprograma derivados para tratamento á rede de atención ás drogodependencias.
- Beneficiarios do subprograma que recibiron de forma sistemática pautas para reducir os riscos e danos asociados ao consumo.
- Beneficiarios do subprograma que utilizan habitualmente o servizo de intercambio de xiringas.
- Número de xiringas distribuídas e recollidas no marco do subprograma.
- Número de preservativos dispensados.
- Nivel de implicación dos beneficiarios.
- Número e tipo de incidencias non previstas.
- Valoración das actividades por parte dos profesionais responsables do subprograma.

### 3.12.1.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Número de drogodependentes con perfil de exclusión social ou incorporados no circuíto de rúa contactados	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES REALIZADAS</b>		
Beneficiarios do subprograma que foron obxecto de valoración biopsicosocial	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma derivados á rede sanitaria normalizada	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma derivados á rede de servizos sociais	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma derivados á rede de saúde mental	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma derivados a tratamento á rede de atención ás drogodependencias	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma que recibiron de forma sistemática pautas para reducir os riscos e danos asociados ao consumo	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Número de beneficiarios que utilizan habitualmente o servizo de intercambio de xiringas	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Número de xiringas distribuídas e recollidas no marco do subprograma	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Número de preservativos dispensados	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Nivel de implicación dos beneficiarios	Anual	Profesionais subprograma
Número e tipo de incidencias non previstas	Anual	Profesionais subprograma
Valoración das actividades polos profesionais responsables do subprograma	Anual	Profesionais subprograma

#### 3.12.1.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

- Folla de rexistro sistemático das actividades realizadas (anexo 4.114).
- Folla de rexistro dos beneficiarios do Subprograma de captación activa e intervención en medio aberto (anexo 4.115).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para profesionais responsables do programa (anexo 4.116).

### AVALIACIÓN DE RESULTADOS

#### 3.12.1.5. Obxectivos e compoñentes do programa

Os obxectivos xerais que persegue o programa son:

- Detectar e avaliar as poboacións "ocultas", que permitan un coñecemento próximo á realidade da rúa e ás condicións biopsicosociais en que viven estas persoas.
- Determinar as necesidades de carácter psicolóxico, sanitario e social desta poboación, co obxecto de orientar as intervencións que se realizarán.
- Detectar de maneira precoz a poboación nova drogodependente.
- Contactar con drogodependentes que non solicitan axuda e que se encontran en situacións de emerxencia psicolóxica, física e/ou social.
- Facilitar o acceso destes drogodependentes á Rede Asistencial de Saúde Mental e Drogodependencias a través do traballo individualizado de motivación e derivación.
- Asegurar o seguimento posterior dos casos incorporados a tratamento.
- Favorecer medidas que eviten a marxinación social e sanitaria a persoas con problemas de consumo de drogas.

Os obxectivos específicos que persegue o programa son:

- Mellorar a calidade de vida dos consumidores.
- Reducir os riscos derivados do consumo de drogas, derivados do consumo crónico ou das condicións e circunstancias en que se realiza.
- Diminuír as barreiras para o acceso aos servizos sociosanitarios, propiciando que poidan acceder a estes o maior número de drogodependentes.
- Detectar de maneira temperá a poboación nova drogodependente con perfil de exclusión social ou integrada no circuíto de rúa.
- Detectar os drogodependentes en situación de crise, articulando mecanismos de resposta áxil a estas situacións (aloxamento, ingreso en hospital, etc.).
- Determinar o grao de sufrimento psicolóxico e indicadores de patoloxía dual, co obxecto de orientar as intervencións encamiñadas a paliar ou diminuír as súas causas e consecuencias.

#### 3.12.1.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Beneficiarios do subprograma que accederon ás diferentes prestacións sociais tras a súa inclusión nel (RISGA, prestacións por desemprego, pensións non contributivas, etc.).
- Beneficiarios do subprograma con enfermidades infecciosas e/ou crónicas obxecto de seguimento médico periódico tras a súa inclusión nel.
- Beneficiarios do subprograma que comezaron a recibir atención psicolóxica ou psiquiátrica tras a súa incorporación a este.

- Beneficiarios do subprograma incorporados a tratamento por abuso ou dependencia a drogas (indicador admisións a tratamento).
- Beneficiarios do subprograma que abandonaron pautas de consumo de risco.

### 3.12.1.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Beneficiarios do subprograma que accederon ás diferentes prestacións sociais tras a súa inclusión nel (RISGA, prestacións por desemprego, pensións non contributivas, etc.)	Mensual	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma con enfermidades infecciosas e/ou crónicas obxecto de seguimento médico periódico tras a súa inclusión nel	Mensual	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma que comezaron a recibir atención psicolóxica ou psiquiátrica tras a súa incorporación a este	Mensual	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma incorporados a tratamento por abuso ou dependencia a drogas	Mensual	Profesionais subprograma
Beneficiarios do subprograma que abandonaron pautas de consumo de risco	Mensual	Profesionais subprograma

### 3.12.1.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Estatística mensual de beneficiarios de prestacións sociais.
- Estatística mensual de beneficiarios en seguimento médico.
- Estatística mensual de beneficiarios en seguimento psicolóxico/psiquiátrico.
- Xeceas: indicador de admisións a tratamento.
- Escala de avaliación de resultados para profesionais responsables do subprograma (anexo 4.117).

## 3.12.2. SUBPROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL

### AVALIACIÓN DO PROCESO

#### 3.12.2.1. Metodoloxía para a implementación do programa

A inclusión dos candidatos no subprograma residencial correrá a cargo dos equipos que desenvolven o Subprograma de captación activa e intervención en medio aberto e a través das UADs/UCAs, coa avaliación previa da existencia de déficit de vivenda e/ou da carencia de ingresos para sufragala. Así mesmo, valorarase se os candidatos cumpren os criterios de inclusión previstos no subprograma.

O tempo de permanencia neste subprograma poderá oscilar entre 1 e 45 días (como máximo), e estará suxeito ás necesidades e obxectivos terapéuticos establecidos para cada caso. O período de permanencia no subprograma estará condicionado á superación da situación de emerxencia ou á súa derivación a outro recurso residencial máis acorde co seu plan terapéutico. Nos casos que demanden unha prolongación temporal máis alá dos 45 días, o equipo das UADs/UCAs deberá buscar unha alternativa residencial ao usuario.



As intervencións previstas no subprograma axustaranse ao seguinte protocolo:

1. Acollida do usuario por parte dun profesional dos “equipos de rúa” que levan a cabo o Subprograma de captación activa e intervención en medio aberto (Outreach) ou das unidades de condutas adictivas (UADs/UCAs).
2. Avaliación da situación e prognóstico biopsicosocial do usuario, tendo maior peso os criterios de tipo biolóxico e psicolóxico.
3. Determinar se o caso é susceptible de admisión no subprograma e se debe ser derivado a un centro sanitario (se pola súa deterioración física ou psicolóxica require cuidados específicos), ou se polo contrario non precisa de intervención ningunha.
4. Coordinación entre os dous equipos (equipo de rúa e UADs/UCAs) para determinar as prazas libres e a prioridade de cada un dos casos que ambos están tramitando.
5. Información ao usuario da posibilidade de entrar no dito subprograma por un período limitado, e das condicións de permanencia.
6. Derivación, ou acompañamento se for preciso, ata o lugar de acollida.
7. Cita cun profesional da UAD/UCA correspondente ao día seguinte do seu ingreso no subprograma e pernoita no lugar de acollida. Apertura dun expediente do caso e valoración das intervencións que se realizarán a curto prazo para a superación da dita situación de emerxencia. Ao mesmo tempo, motivarase o usuario cara ao tratamento.

### 3.12.2.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

Indicadores de cobertura

- Número de drogodependentes con perfil de exclusión social ou que participan do “circuíto de rúa” aos cales se lles facilitou unha alternativa residencial (beneficiarios do programa).

Indicadores de actividades realizadas

- Drogodependentes valorados para a súa posible inclusión no subprograma.
- Beneficiarios do subprograma que acceden a unha alternativa residencial.
- Número de acompañamentos aos recursos de acollida.
- Tempo de espera para acceder ao subprograma (días).
- Estadía media nos servizos residenciais dos beneficiarios do programa (días).
- Beneficiarios do subprograma derivados á rede asistencial para a atención ás drogodependencias.
- Motivo de saída.

### 3.12.2.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
<b>INDICADORES DE COBERTURA</b>		
Drogodependentes con perfil de exclusión social ou que participan do "circuíto de rúa" aos cales se lles facilitou unha alternativa residencial.	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
<b>INDICADORES DE ACTIVIDADES REALIZADAS</b>		
Drogodependentes valorados para a súa posible inclusión no subprograma.	Tras cada intervención	Profesionais Subprograma
Beneficiarios do subprograma que acceden a unha alternativa residencial.	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Número de acompañamentos aos recursos de acollida.	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Tempo medio de espera para acceder ao subprograma (días).	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Estadía media nos servizos residenciais dos beneficiarios do subprograma (días).	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios derivados á rede asistencial para a atención ás drogodependencias.	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Motivos de saída do subprograma.	Anual	Profesionais subprograma

### 3.12.2.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

- Folla de rexistro sistemático das actividades realizadas (anexo 4.118).
- Ficha de rexistro de beneficiarios do Subprograma de apoio residencial (anexo 4.119).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para profesionais responsables do subprograma (anexo 4.120).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.12.2.5. Obxectivos e compoñentes do programa

O obxectivo xeral do subprograma é ofrecer un recurso de apoio residencial de carácter temporal para aqueles drogodependentes máis desprotexidos a nivel social, que dea resposta inmediata aos casos en situación de emerxencia durante o tempo necesario para a súa melloría, a resolución da súa situación ou a súa derivación a outro tipo de recurso residencial máis acorde co seu plan terapéutico, diminuíndo os riscos que comportaría un empeoramento da súa situación biopsicosocial.

Os obxectivos específicos que persegue o programa son:

- Adecuar as intervencións ás necesidades deste colectivo, ofrecendo unha resposta áxil e eficaz para casos de emerxencia.
- Facilitar o contacto e acceso á rede asistencial para a atención ás drogodependencias (actuar como porta de entrada que motive o drogodependente a realizar unha demanda de tratamento).
- Previr un empeoramento da situación e prognóstico biopsicosocial do usuario.
- Reducir o grao de afectación de patoloxías mentais e/ou médicas.
- Mellorar a calidade de vida dos usuarios e reducir así o risco de morbi-mortalidade.

### 3.12.2.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Beneficiarios do subprograma incorporados a tratamento na rede asistencial de atención ás drogodependencias.
- Beneficiarios do subprograma que abandonaron pautas de consumo de risco.

### 3.12.2.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Beneficiarios do subprograma que accederon a tratamento na rede asistencial de atención ás drogodependencias.	Tras cada intervención	Profesionais subprograma
Beneficiarios do programa que accederon a outros programas e servizos de apoio á integración sociolaboral.	Tras cada intervención	Profesionais subprograma

### 3.12.2.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Xeceas: indicador de admisións a tratamento.
- Escala de avaliación de resultados para técnicos responsables do subprograma (anexo 4.121).

### 3.13. Penélope. Programa de prevención do consumo de drogas dirixido a mulleres

#### AVALIACIÓN DO PROCESO

##### 3.13.1. Metodoloxía para a implementación do programa

- 1) Elaboración e difusión de material de apoio aos programas de prevención, fundamentalmente dirixido a mulleres adolescentes e mozos, nos cales se teña en conta a perspectiva de xénero, permitindo a focalización nas características específicas e mantemento do consumo de drogas por parte das mulleres.
- 2) Implementación dun protocolo de intervención asistencial en función do xénero, incluído no Catálogo de programas asistenciais, de aplicación no conxunto de centros e servizos integrados na Rede Asistencial de Saúde Mental e Drogodependencias de Galicia.

##### 3.13.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

- Número de guías editadas e distribuídas.
- % cobertura distribución (n.º de guías/n.º de mulleres de entre 15 e 35 anos).
- Número de materiais editados e distribuídos.
- % cobertura dos materiais entre mulleres de 12 a 18 anos.
- Número de protocolos asistenciais editados e distribuídos.

##### 3.13.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Número de guías editadas e distribuídas	Anual	Servizo DD e TA/ técnico prevención
% cobertura distribución (n.º de guías/n.º de mulleres de entre 15 e 35 anos)	Anual	Servizo DD e TA/ técnico prevención
Número de materiais editados e distribuídos	Anual	Servizo DD e TA/ técnico prevención
% cobertura dos materiais entre mulleres de 12 a 18 anos	Anual	Servizo DD e TA/ técnico prevención
Número de protocolos asistenciais editados e distribuídos	Anual	Servizos centrais Consellería Sanidade

##### 3.13.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso

- Folla de rexistro sistemático das actividades realizadas (anexo 4.129).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para técnicos de prevención (anexo 4.130).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.13.5. Obxectivos e compoñentes do programa

O programa ten por obxectivo a ruptura da tendencia á igualación das pautas de consumo de drogas das mulleres coa dos homes e reducir deste modo a incidencia dos problemas de drogas nas mulleres.

Os obxectivos específicos do programa son:

- Reducir as prevalencias dos consumos de alcohol, tabaco e outras drogas entre as mulleres.
- Mellorar a información e os coñecementos das mulleres galegas sobre as diferentes drogas, os seus efectos e riscos.
- Mellorar as intervencións asistenciais coas mulleres afectadas por problemas derivados do consumo de drogas e facilitar a súa accesibilidade a servizos que teñan en consideración a perspectiva de xénero.

### 3.13.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Número de programas preventivos que incorporan a perspectiva de xénero.
- Satisfacción con materiais de apoio aos programas de prevención ("Manual sobre intervencións sensibles á perspectiva de xénero").
- Satisfacción coa "Guía informativa: Drogas e xénero".

### 3.13.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Número de programas preventivos que incorporan a perspectiva de xénero	Anual	Servizo DD e TA/ técnico prevención
Satisfacción con materiais de apoio aos programas de prevención (Manual sobre intervencións sensibles á perspectiva de xénero)	Tras a intervención	Técnicos prevención
Satisfacción coa "Guía informativa: Drogas e xénero"	Tras a intervención	Técnicos prevención

### 3.13.8. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación de resultados

- Cuestionario de satisfacción cos materiais de apoio ao programa: "Guía informativa: Drogas e xénero" e "Manual de intervencións preventivas sensibles á perspectiva de xénero" (anexo 4.131).
- Escala de avaliación de resultados para técnicos de prevención (anexo 4.132).

### 3.14. Acais. Programa de prevención de consumos e hábitos non saudables dirixido á comunidade xitana

#### AVALIACIÓN DO PROCESO

##### 3.14.1. Metodoloxía para a implementación do programa

O programa ten como fío condutor a realización de dinámicas de grupo e diferentes actividades culturais e de lecer que actúan como motivadoras da participación dos nenos/as e adolescentes de etnia xitana aos cales se dirixe. A través destas actividades preténdese traballar na consecución de obxectivos relacionados coa adquisición de hábitos, responsabilidades e a mellora de capacidades persoais.

##### a) Accións dirixidas a nenos/nenas:

- Xogos: con eles preténdese que as relacións humanas se fagan máis ricas, favorecer o traballo en grupo, a cooperación e a resolución de conflitos a través da creatividade, o coñecemento entre os compoñentes, a afirmación, a confianza e a comunicación interpersoal.
- Obradoiro de manualidades e artes plásticas: con eles trabállase a consecución de obxectivos relacionados coa adquisición de hábitos, responsabilidades e a mellora das capacidades persoais.

##### b) Accións dirixidas a adolescentes:

- Obradoiro de prevención con adolescentes: concibido como un espazo de diálogo e reflexión sobre diferentes temas e problemáticas, experimentación e aprendizaxe de diferentes conceptos. Este obradoiro integra dúas actividades diferentes:
  - Obradoiros de flamenco: a música e o baile flamenco son empregados como vehículo de expresión da propia prevención e daqueles valores culturais máis positivos do colectivo xitano.
  - Sesións de traballo: a través de dinámicas de grupo, análise de noticias, videoforum, audicións, etc. trabállanse distintos compoñentes como a presión de grupo, a resolución de conflitos, a autoestima, o pensamento crítico, a toma de decisións e a autonomía persoal.
- Saídas ou "encontros co contorno": teñen por obxectivo favorecer o achegamento aos recursos do contorno e a participación noutras actividades fóra do programa.

##### c) Accións dirixidas ás familias: escola de nais e pais

As sesións que se levan a cabo pretenden construír un espazo de reflexión para nais, promovendo e fortalecendo relacións máis positivas e orientadas a satisfacer as necesidades formativas e afectivas, tanto das propias nais como dos seus fillos/as.

##### 3.14.2. Indicadores seleccionados para a avaliación do proceso

- Número de destinatarios
- Número de actividades realizadas co grupo diana.
- Autoinforme de planificación do programa e desenvolvemento deste.
- Número de actividades desenvolvidas no ámbito comunitario en que se implica o grupo.

##### Indicadores de cobertura

- Número de nenos e nenas que participan no programa.
- Número de adolescentes que participan no programa.
- Número de participantes nas escolas de nais e pais.

Indicadores de actividades realizadas

- Número de actividades lúdicas (sesións de xogos) realizadas para nenos e nenas.
- Número de participantes nas diferentes sesións lúdicas.
- Número de obradoiros de manualidades e artes plásticas realizados para adolescentes.
- Número de participantes nos obradoiros de manualidades e artes plásticas.
- Número de saídas ou visitas realizados con adolescentes.
- Número de participantes nas saídas ou visitas realizadas.
- Número de sesións de escolas de nais e pais realizadas.
- Número de participantes nas distintas sesións das escolas de nais e pais realizadas.

**3.14.3. Frecuencia de recollida dos indicadores de proceso**

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Número de actividades lúdicas (sesións de xogos) realizadas para nenos e nenas	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de participantes nas diferentes sesións lúdicas	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de obradoiros de manualidades e artes plásticas realizados para adolescentes	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de participantes nos obradoiros de manualidades e artes plásticas	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de saídas ou visitas realizadas con adolescentes	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de participantes nas saídas ou visitas realizadas	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de sesións de escolas de nais e pais realizadas	Tras cada intervención	Educadores programa
Número de participantes nas distintas sesións das escolas de nais e pais realizadas	Tras cada intervención	Educadores programa

**3.14.4. Instrumentos que se utilizarán para a avaliación do proceso**

- Folla de rexistro sistemático das actividades realizadas (anexo 4.133).
- Ficha de rexistro dos beneficiarios do programa (anexo 4.134).
- Escala de valoración do proceso (fidelidade ao plan) para educadores responsables do programa (anexo 4.135).
- Grupos de discusión para a avaliación da satisfacción co programa (anexo 4.136).

## AVALIACIÓN DE RESULTADOS

### 3.14.5. Obxectivos e compoñentes do programa

O programa pretende abordar temas de prevención de drogas, VIH/SIDA e infeccións de transmisión sexual dentro do marco da intervención social con menores e adolescentes da comunidade xitana, así como coas súas familias.

### 3.14.6. Indicadores para a avaliación de resultados

- Nivel de información sobre as drogas.
- Nivel de información sobre o VIH/sida e as enfermidades de transmisión sexual.
- Percepción do risco asociado ao consumo de drogas.
- Actitudes fronte ás drogas.
- Intencións de consumo futuro.
- Satisfacción dos beneficiarios.

### 3.14.7. Frecuencia de recollida dos indicadores de resultados

INDICADOR	FRECUENCIA DE REXISTRO	RESPONSABLE
Nivel de información sobre as drogas.	Previa e posterior á intervención	Educadores do programa
